

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

DOWN Galicia

Federación Síndrome de Down

down **vigo** · down **pontevedra** 'xuntos' · 'teima' down **ferrol** · down **lugo** · down **compostela** · down **coruña** · down **ourense**

DOWN Galicia
Federación Síndrome de Down

FEDERACIÓN DOWN GALICIA
Declarada de Utilidade Pública polo Ministerio del Interior:
Orde INT/2958/2006, do 12 de setembro
(BOE nº 232 do 28 de setembro de 2006)

Rúa Alejandro Novo González, nº1
15706 · Santiago de Compostela · Galicia

ÍNDICE

1. Datos da Federación 4
1.1. Identificación 4
1.2. Datos de contacto e redes sociais 4
1.3. Órganos de goberno e estrutura 5
1.4. Historia 6
1.5. Traballo en rede 11
1.6. Premios e recoñecementos 13
1.7. Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 16

2. Fins estatutarios 17
2.1. Misión 17
2.2. Obxectivos 17
2.3. Principios 19
2.4. Valores 19

3. Número de socios e socias 20

4. Actividades, persoas beneficiarias e resultados 21
4.1. Servizo para a Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP) 21
4.2. Áreas de actuación 21
4.2.1. Área de Atención Temperá 24
4.2.2. Área de Inclusión Educativa 25
4.2.3. Área de Formación e Emprego 26
4.2.4. Área de Vida Adulta e Independente 34
4.2.5. Área Complementaria 37
4.3.6. Área Transversal 39
4.3. Satisfacción dos servizos 52
4.4. Recursos humanos 53
4.5. Custe e financiación 54
4.6. Persoas beneficiarias 56
4.7. Resultados obtidos 60

5. Medios da Federación 65
5.1. Medios persoais 65
5.2. Medios materiais 65
5.3. Subvencións públicas 67
5.4. Axudas privadas 70

6. Retribucións da Xunta Directiva 71

7. Organización de centros, servizos e funcións 72

1. DATOS DA FEDERACIÓN

1.1. IDENTIFICACIÓN

Denominación

Federación Down Galicia

Réxime Jurídico

Lei de Asociacións Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo

Rexistro de Asociacións

- Rexistro Central de Asociacións. Consellería de Xustiza, Interior e Relacións laborais (Xunta de Galicia)
- Número de Inscrición no Rexistro correspondente: 1998/000003-2 (SC)
- Data de Inscrición: 2 de xuño de 1998
- CIF: G-15665144
- Ámbito de actuación: Comunidade Autónoma de Galicia.

Rexistro noutros rexistros públicos

- Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Servizos Sociais; Nº de inscrición S-1284 con data 23 maio 2000, actualmente RUEPSS (Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais) co nº; E-1284.
- Censo de entidades xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude co nº 50PS0071.
- Rexistro de entidades de acción voluntaria co nº O-10.
- Rexistro galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento, sección E: outros axentes sociais e nº 000039.

Outros datos de interese

- Declarada de Utilidade Pública pola Orde INT/2958/2006, de 12 de setembro (BOE nº 232 do 28 de setembro de 2006).
- Acollida á Lei 49/2002: solicitude de opción polo réxime fiscal especial do Título II da Lei 49/2002 dende o 13/12/2006.
- Certificado do Sistema de Xestión de Calidade AENOR UNE-EN ISO 9001:2015, Expediente ER-1033/2008-001/00.

1.2. DATOS DE CONTACTO E REDES SOCIAIS

- Rúa Alejandro Novo González, nº 1 - 15706 - Santiago de Compostela, Galicia
- Teléfono: 981 581 167
- Correo electrónico: downgalicia@downgalicia.org
- Página web: www.downgalicia.org
- Facebook: facebook.com/DownGalicia
- Twitter: twitter.com/DownGalicia
- YouTube: youtube.com/DownGalicia
- Wikipedia: gl.wikipedia.org/wiki/Down_Galicia

1.3. ÓRGANOS DE GOBERNO E ESTRUTURA

Os órganos de Goberno da Federación son a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.


A Xunta Directiva está constituída polo Presidente, o Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro e catro vocais. A composición actual da Xunta Directiva, logo da renovación de cargos ratificados pola Asemblea celebrada o 12 de decembro de 2023, é a seguinte:

- **Presidente:** Delmiro Prieto González (Down Compostela)
- **Vicepresidente:** Manuel Pérez Cabo (Down Pontevedra "Xuntos")
- **Secretario:** Elías Ledo Fernández (Down Compostela)
- **Tesoureiro:** Rafael Cabezas Enríquez (Down Ourense)
- **Vogal:** José Martín Rodríguez ("Teima" Down Ferrol)
- **Vogal:** José Antonio Villamarín Cid (Down Lugo)
- **Vogal:** Manuel Álvarez Esmorís (Down Coruña)
- **Vogal:** José Manuel García Orois (Down Vigo)

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de Goberno e de decisión da Federación e está constituída polo Presidente ou un representante acreditado de cada unha das Asociacións (membros numerarios) e o Presidente e secretario da Xunta Directiva, que o son das reunións da Asemblea Xeral.


Por outra banda, para mellorar a operatividade das decisións de organización interna e con un carácter máis técnico, están creadas unha serie de comisións e/ou grupos de traballo: Comité de calidade, Comisión do plan estratéxico e Comisión de comunicación.

Organigrama do Movemento Down Galicia



1.4. HISTORIA

A Federación Down Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, creada no ano 1998, que agrupa a sete entidades específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como queda reflectido no seguinte mapa:



Down Galicia foi creada ante a necesidade de coordinación das distintas entidades existentes para dispoñer dun instrumento de comunicación único entre o colectivo de persoas con síndrome de Down e a contorna (administración, sociedade, empresas....). Por outra parte, aínda que a Federación non se constitúe como un centro prestador de servizos directamente ás persoas usuarias, inclúese entre as súas funcións a de exercer como un centro de apoio ás entidades membro para coordinar, elaborar e propoñer programas de actividades, realizar accións de innovación, tanto na xestión dos servizos como na súa prestación.

Dende a súa constitución, a Federación e as súas entidades membro definimos un estilo de traballo propio marcado, polo compromiso social a favor da integración e participación das persoas coa síndrome de Down e dende o ano 2005 tamén persoas con discapacidade intelectual, a través duns criterios de actuación básicos para garantir a coherencia, eficacia e éxito das actuacións. Polo tanto, o sentido principal da nosa existencia vén dado pola necesidade de establecer as medidas precisas para garantir a igualdade de oportunidades das persoas coa síndrome de Down, a través da provisión de servizos e actividades das que están desprovistas no seu entorno.

A historia da nosa Federación e entidades membro permite destacar unha serie de feitos e/ou fitos que recollemos a continuación:

ANO	FITOS DO MOVEMENTO DOWN GALICIA
1989	Nace a Asociación para a síndrome de Down "Down Vigo", en Vigo.
1991	Nace a Asociación para a síndrome de Down "Xuntos" en Pontevedra.
1994	Nace a Asociación para a síndrome de Down "Teima" en Ferrol.
1996	Nace a Asociación para a síndrome de Down "Down Lugo", en Lugo.
1997	Nace a Asociación para a síndrome de Down "Down Compostela", en Santiago.
1998	Reunión de constitución e aprobación dos estatutos de Down Galicia. A Federación inscríbese no Rexistro de Asociacións da Consellería de Xustiza e Interior (nº: 398).
2000	Nace a Asociación "Down Coruña", en A Coruña, no marco da Federación. A Federación inscríbese no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Servizos Sociais nº: S-1284. Na actualidade RUEPSS (Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais) co nº; E-1284. Down Galicia entra a formar parte da Federación Española de Institucións para el Síndrome de Down - Down España.
2001-2006	Consolidación da Federación a raíz da contratación de persoal profesional (xerente) en novembro do 2001, así coma de outras persoas profesionais en anos sucesivos. A profesionalización da Federación foi clave para a súa consolidación ao permitir dar un salto cualitativo en aspectos fundamentais de organización, coordinación, captación de recursos, creación de asociacións en todas as provincias, e consolidación das existentes. Comezan a diversificarse e estenderse os programas e servizos de atención directa promovidos pola aparición da Federación que, ata ese momento, estaban principalmente centrados na área de atención temperá e apoio educativo.
2002	Ofrécense novos programas e servizos ás persoas usuarias (ECA: Emprego Con Apoio) impulsado pola Federación.
2003	Nace a Asociación Down Ourense no marco da Federación.
2004	Down Galicia intégrase como entidade membro no CERMI Galicia, en calidade de socio adherido. Down Galicia adquire a condición de entidade colaboradora do Servizo Público de emprego.
2005-2010	Incremento notable dos recursos tecnolóxicos para optimizar a comunicación intra-Federación, das persoas profesionais, das persoas usuarias, así coma dos programas e actividades dirixidas á atención das persoas usuarias.
2005	Entran a formar parte dalgunhas entidades as primeiras persoas con Discapacidade intelectual en calidade de persoas usuarias dos programas.

ANO	FITOS DO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2006	Nace a Fundación Down Compostela, en Santiago. A Federación é declarada de Utilidade Pública: B.O.E. nº 23, 28 setembro de 2006, Orde INT/2958/2006. A Federación acóllese á Lei de Mecenado Lei 49/2002: solicitude de opción polo Réxime fiscal especial do Título II da Lei 49/2002 dende o 13/12/2006.
2007	Cambio de sede de Down Galicia e Down Compostela.
2008	Down Galicia, xunto con outras entidades de Iniciativa Social, aposta pola constitución de EAPN Galicia. A Federación certifícase por AENOR (ISO 9001) o servizo ECA.
2009	Amplíase o alcance da certificación de calidade ISO 9001 ó servizo de Educación. Realízase a planificación estratéxica para o período 2009/2012.
2010	Iníciase o deseño do novo servizo de Vida Independente Adhesión á EAPN Galicia; Rede Galega Contra a pobreza e a exclusión social de Galicia. Inicio do proceso de innovación e formación en metodoloxías de Aprendizaxe Cooperativa.
2011	Certifícanse por AENOR en calidade (ISO 9001) todos os servizos e procesos que realiza o Movemento Down. Renovación da Xunta Directiva por 4 anos.
2012	Iníciase a planificación estratéxica para o período 2013-2015. Defínese e apróbase o I Plan de Comunicación e Captación de fondos privados 2012-13. Iníciase a difusión e comunicación en Redes Sociais (Facebook e Twitter).
2013	Re-certifícase por AENOR o Sistema de Xestión de Calidade (ISO 9001) con alcance a todos os servizos e procesos que realiza o Movemento Down Galicia. Avánzase na planificación estratéxica 2014-2016 no programa NCG. Iníciase o traballo na área de Envellecemento activo, créase a Comisión de Envellecemento Activo con participación de todas as entidades Down. Ponse en funcionamento a nova web da Federación Down Galicia.
2014	Lógrase a certificación por parte da Fundación Lealtad como entidade analizada en transparencia e boas prácticas. Apróbase o novo Plan Estratéxico da Federación Down Galicia 2014-2016. Creación dos Premios Down Galicia a entregar o 21 Marzo de cada ano. Obtéñense os Permisos de Inicio de Actividade da Rede de Vivendas Down Galicia (5 vivendas).

ANO	FITOS DO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2015	Implantación dunha nova ferramenta de xestión e control da información. Renovación da Xunta Directiva. Encontro 2015 de Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, familias e técnicos das entidades Down.
2016	Organización do 2º Encontro Nacional de Mozos/as de Down España. Celebración do II Encontro de Directivos/as e persoal ténico das Entidades Down en Galicia. Creación protocolo de detección precoz de patoloxías neurodexenerativas: Protocolo ASE. Lanzamento Revista Down Galicia (trimestral) e do boletín interno (mensual).
2017	Encontro 2017 Down Galicia para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, familias e técnicos Participación na elaboración do Protocolo de Inclusión Educativa para persoas coa síndrome de Down.
2018	"Festa pola inclusión" - 20 aniversario de Down Galicia Publicación do "Protocolo de Inclusión Educativa para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual" (colaboración coa Xunta de Galicia) Publicación da "Guía estilo sobre persoas coa síndrome de Down": manual orientado a sensibilizar, positivizar e concienciar sobre a terminoloxía mais axeitada para referirse ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Publicación das "Recomendacións de saúde para persoas adultas coa síndrome de Down".
2019	Publicación do Vídeo Guía Rápida sobre a síndrome de Down. Encontro de directivos e técnicos do movemento Down Galicia. Renovación Xunta directiva. Nova razón social: Federación Down Galicia e novos estatutos. Constitución de UTE Saúde Mental Feafes Galicia- Down Galicia para a execución conxunta de proxectos de Emprego en Galicia. Taller de Familias "Compartindo Miradas sobre a Educación". Xornada "Educación Inclusiva: Deseño universal para a aprendizaxe e boas prácticas". Novo plan estratéxico 2019-2022 de Down Galicia.

ANO	FITOS DO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2020	Durante o confinamento por Estado de alarma ante a alerta sanitaria pola COVID-19 non se paralizou a actividade de ningunha entidade Down de Galicia. Reorganización dos servizos prestados para adaptarse á realidade da pandemia con teletraballo e atención a distancia. Creación do espazo web "Recursos Down", que inclúe información e recursos variados para que públicos de todas as idades, con e sen discapacidade, poidan traballar e desfrutar con distintas actividades a través dunha mesma ligazón. Completada a renovación de servidores novos con mais capacidade nas entidades Down para a xestión segura de datos.
2021	Internalización da xestión do Sistema de Xestión de Calidade dende o equipo profesional da Federación. Implantación dun servizo seguro de acceso remoto para o teletraballo. Implantación de espazos cardioprotexidos con desfibriladores (puntos DESA) nas entidades Down (agás en Down Coruña). Constitución da Comisión de Apoios Personalizados. Creación da nova páxina web downgalicia.org. Creación do boletín trimestral de comunicación interna entre Down Galicia e as entidades membro. Edición do libro "Xela celebra o seu aniversario" de Os Bolechas.
2022	Elaboración de Informe sobre a Avaliación de factores Psicosociais Elaboración de Protocolo de Actuación para a Prevención do Acoso no ámbito laboral Análise da contribución dos ODS da Axenda 2030 ó labor da entidade Constitución do Grupo de traballo de Atención médica a fin de establecer vínculos e contactos entre profesionais Down e profesionais sanitarios Elaboración da Guía de recursos de atención médica a persoas coa síndrome de Down Lanzamento do novo Punto Virtual de Educación na web de Down Galicia Campaña 20º Aniversario de Emprego Con Apoio Encontro autonómico de persoas mozas e adultas do Movemento Down Galicia Encontro autonómico de familias do Movemento Down Galicia

ANO	FITOS DO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2023	Aprobación, presentación e difusión do 'Protocolo de prevención do acoso laboral' II Encontro de profesionais de Emprego Con Apoio - Envellecemento e Vida adulta I Encontro virtual de irmáns e irmás das entidades Down de Galicia Xuntanza autonómica de persoas directivas e técnicas das entidades Down de Galicia Avaliación do plan estratéxico 2019-2023 e inicio da análise e deseño do novo plan estratéxico 2024-2028 Participación en proxecto Erasmus+ ARISE Inclusión Educativa, con entidades de Italia e Portugal Convenio de colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude para a realización de formación práctica das persoas usuarias nos seus centros de traballo Actualización e rexistro da propiedade intelectual do 'Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento das persoas coa síndrome de Down' Elaboración da 1ª Edición do 'Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento das persoas con outras discapacidades intelectuais'

1.5. TRABALLO EN REDE

Down Galicia forma parte doutras entidades sociais ou redes de traballo. Á súa vez, mantén colaboracións con organismos públicos para conseguir os seus obxectivos a través da sinatura de convenios, e, no seu labor, recibe apoios doutros axentes da contorna. A implicación doutros organismos e axentes expóñense nas seguintes táboas:

Entidade, rede ou plataforma	Ámbito	Sector de actuación
Down España (Federación Española de Instituciones para el Síndrome de Down)	**España**	**Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual**
Rede Nacional de Emprego Con Apoio	España	Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
Rede Nacional de Educación	España	
Rede Nacional de Atención Temperá	España	
Rede Nacional de Vida Independente	España	
Rede Nacional de Vida adulta e envellecemento	España	
Foro de Directivos e Xerentes	España	
Grupo de Comunicación	España	

Entidade, rede ou plataforma	Ámbito	Sector de actuación
CERMI Galicia (Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia)	**Galicia**	**Persoas con discapacidade**
Comisión de Educación	Galicia	Persoas con discapacidade na etapa educativa
Comisión de Sanidade	Galicia	Persoas con discapacidade
Comisión da Muller	Galicia	Mulleres con discapacidade
Comisión de Emprego	Galicia	Persoas con discapacidade en idade laboral
Comisión de Accesibilidade	Galicia	Persoas con discapacidade
Comisións varias (Converxencia Asociativa, Discapacidade Parlamento...)	Galicia	Persoas con discapacidade
EAPN Galicia (Rede Europea de loita contra a Pobreza e a Exclusión Social)	**Galicia**	**Colectivos en risco de exclusión social**
Grupo de Participación	Galicia	Colectivos en risco de exclusión social
Grupo de Comunicación	Galicia	
Grupo de Inclusión	Galicia	
Grupo de Emprego	Galicia	
Xunta de Galicia - Consellería de Economía, Emprego e Industria / Consellería de Emprego e Igualdade / Consellería Política Social e Xuventude	**Galicia**	**Persoas con discapacidade**
Servizo Público de Emprego de Galicia (Orientación Laboral)	Galicia	Demandantes de emprego
Rede de Técnicos de emprego de Galicia (Programas de Cooperación)	Galicia	Persoas en idade laboral
ESGADI (Estratexia Galega sobre a Discapacidade)	Galicia	Persoas con discapacidade
Dirección Xeral de Xuventude - Programa Querote+	Galicia	Persoas con discapacidade
Outras entidades, redes ou plataformas	**España**	
Programa "Juntos Somos Capaces" da Fundación Mapfre	España	Incorporación laboral de persoas con discapacidade psíquica
Programa Incopora La Caixa - Entidade de 2ª coroa	España	Integración laboral de colectivos en risco de exclusión social
Asociación de Lectura Fácil	España	Promoción da Lectura Fácil
REGIDEM - Rede Galega de Investigación en Demencias	Galicia	Rede de investigación de envellecemento e demencias
Rede Eusumo	Galicia	Rede de entidades de Economía Social
Clúster Saúde de Galicia	Galicia	Entidades do eido da saúde

Convenios de colaboración coas administracións públicas	Ámbito	Obxectivo
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Xunta de Galicia)	Galicia	Favorecer a atención educativa ao alumnado coa síndrome de Down ou con discapacidade intelectual
Convenio de colaboración coa Consellería de Facenda (Xunta de Galicia)	Galicia	Realización de actividades de asesoramento e apoio na inserción laboral de persoas coa discapacidade intelectual na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
Convenio de colaboración coa Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia)	Galicia	Realización de actividades de asesoramento e apoio na inserción laboral de persoas coa discapacidade intelectual no Sistema Sanitario público de Galicia
Protocolo de colaboración co Parlamento de Galicia	Galicia	Realización de actividades de asesoramento e apoio

Cartas de apoio de axentes da contorna	Sector de actuación
Carta de apoio da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela	Inclusión sociolaboral de persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual en empresas do mercado ordinario (Proxecto Emprego Con Apoio)
Carta de apoio da Fundación Santiago Centro	Inclusión sociolaboral de persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual en empresas do mercado ordinario (Proxecto Emprego Con Apoio)
Carta de apoio do profesor D. Jesús Soldevila Pérez (Dpto. de Pedagoxía da Universidade de Vic)	Inclusión educativa das persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual a través de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa

1.6. PREMIOS E RECOÑECEMENTOS

Down Galicia e as súas entidades membro, ao longo dos anos, obtiveron diversos logros, premios e recoñecementos, entre os que destacan os que recollemos a continuación:

Ano	Premio / Recoñecemento
2004	Premio "ONCE Galicia á Solidariedade" de integración laboral
2011	Certificación de calidade ISO 9001 con alcance a toda a organización
2012	1º Premio 5ª edición dos Premios Nacionais "Educaweb" de Orientación Académica e Profesional co proxecto "Guía de orientación académica e profesional para persoas coa síndrome de Down e/o discapacidade intelectual"
2012	1º Premio Nacional do VI Concurso "Voluntarios BBVA" co proxecto "Emprego con Apoio"

Ano	Premio / Recoñecemento
2013	3º Premio Nacional Solidario Cenor Electrodomésticos ao proxecto de Emprego con Apoio.
2014	Premio Luis Tilve "Traballo Digno" ao proxecto Emprego con apoio
2014	"XI Convocatoria de Axudas" Fundación Solidariedade Carrefour ao proxecto "Aulas Interactivas para a Estimulación Cognitiva de Alumnos coa Síndrome de Down"
2014	Premio do "I Concurso de Proxectos Solidarios da Fundación Grupo Norte" ao proxecto Emprego con Apoio
2014	Premio Accésit Atresmedia ao proxecto "Unha escola para todos: Apoio á inclusión escolar do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2014	Entidade analizada pola Fundación Lealtad en transparencia e boas prácticas
2015	Premio Convocatoria de axudas Fundación ONCE ó proxecto "Emprego con Apoio"
2015	Premio Convocatoria de Inserción Sociolaboral de Obra Social La Caixa co proxecto Emprego con Apoio
2015	Premio Fundación Repsol - Más que palabras 2015 ao proxecto "Unha escola para tod@s: inclusión educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2015	Premio da Fundación Iberdrola ao proxecto "Talento profesional: Emprego con apoio para persoas coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2015	II Premio Mutualista Solidario da Fundación A.M.A, co proxecto "Atención temperá para nenas e nenos coa síndrome de Down"
2015	Premio Proxectos Impulso Banco Popular, ó proxecto Emprego con Apoio
2015	Premio 11º Día Solidario do Grupo CIMD, co proxecto "Unha escola para todos: Apoio á inclusión escolar de alumnos/as coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2015	I Premio Fundación Randstad- categoría institucional ao proxecto "Potenciando o talento profesional: emprego con apoio"
2015	Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais 2015 ao proxecto "Aulas Interactivas para a Estimulación Cognitiva de Alumnos/as coa Síndrome de Down", AETG - AMTEGA
2015	Entidade seleccionada e participante no Desafío Solidario 2015 – Fundación Botín: mellora da Educación en España
2016	Premio na categoría xeral da V Edición de Territorios Solidarios BBVA co proxecto "Vida independente para persoas coa síndrome de Down"
2017	III Premios Redacción Médica á Sanidade de Galicia na categoría de Responsabilidade Social Sociosanitaria
2018	Premios La Caixa á Innovación Social 2017 ó proxecto "Unha escola para todos/as: Inclusión educativa de alumnos/as coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2018	Recoñecemento da Fundación Mapfre á traxectoria de Down Galicia pola inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual
2018	Premio "Líderes en Calidade de Galicia" (Polo sistema multisai de xestión da calidade – Certificado ER-1033/2008 – Norma ISO 9001:2015)
2018	Mención honorífica a entidades de acción voluntaria de Galicia da Xunta de Galicia

Ano	Premio / Recoñecemento
2019	Premio "Cheo de Vida" outorgado polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Queixo Tetilla aó proyecto "Atención temperá a nen@s coa Síndrome de Down"
2019	Finalista do Premio "Yotubeir@s" á Calidade Lingüística polo formato de YouTube "OrientaConsello"
2020	Finalista da IX Convocatoria de Axudas a Proxectos Inclusivos Fundación Universia e Fundación Konecta co proxecto de Emprego Con Apoio
2021	Premio Convocatoria Inserción Sociolaboral da Fundación La Caixa a Emprego Con Apoio
2021	Premio na Convocatoria de axudas a proxectos sociais da Fundación Mapfre ó proxecto Apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
2022	Premio Federico Mayor Zaragoza ao vídeo reivindicativo contra a violencia machista "Sen medo" desenvolto polas persoas usuarias das entidades de Down Galicia
2022	Accésit na VIII Edición do Foro Afectivo Efectivo ó proxecto "Apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome Down"
2023	Premio na Convocatoria de Axudas 2023 para Proxectos Asistenciais da Fundación Inocente, Inocente polo proxecto "Inclusión educativa de alumnado coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais"
2023	Premio Convocatoria Inserción Sociolaboral da Fundación La Caixa ó proxecto "Emprego Con Apoio"
2023	XV Premio "Insua dos Poetas" na categoría de Acción Social
2023	Premio da Fundación IBERDROLA ao proxecto "Emprego Con Apoio"
2023	Premio Convocatoria Xeral da Fundación ONCE 2023 polo proxecto: "Emprego Con Apoio: Talento profesional de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2023	Premio Convocatoria de Axudas a proxectos sociais Súmate de Prezero Iberia S.A.U. polo proxecto: "Emprego Con Apoio: Talento profesional de persoas coa síndrome de Down e/ ou discapacidade intelectual".

Ademais, Down Galicia exponse a auditorías contables anuais contando con informes favorables. Tamén dispón de varias cartas de apoio de entidades públicas e privadas, así coma de persoas físicas relacionadas coa atención ao colectivo de persoas con discapacidade en diferentes ámbitos.

1.7. OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (ODS)

Que obxectivos apoiamos?

Down Galicia e as súas entidades colaboran en 7 dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

OBXECTIVOS	DESCRICIÓN
Obxectivo 3 Saúde e benestar	Garantir unha vida sa e promover o benestar de tod@s a todas as idades
Obxectivo 4 Educación de calidade	Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para tod@s
Obxectivo 5 Igualdade de xénero	Acadar a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e as nenas
Obxectivo 8 Traballo decente e crecemento económico	Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para tod@s
Obxectivo 10 Redución das desigualdades	Reducir a desigualdade no interior dos países e entre os distintos países
Obxectivo 16 Paz, xustiza e institucións sólidas	Promover sociedades pacíficas e inclusivas, acceso á xustiza para tod@s e construír institucións eficaces, inclusivas e responsables
Obxectivo 17 Alianzas para acadar os obxectivos	Fortalecer os medios de implementación e revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sostible

Que aportamos aos ODS?

· Contribución específica:



· Contribución global:



2. FINS ESTATUTARIOS

2.1. MISIÓN

A misión da Federación Down Galicia é coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade da vida de cada persoa coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual e das súas familias, a través da inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

2.2. OBXECTIVOS

Para traballar en dita misión, Down Galicia sinala os seguintes obxectivos a acadar:

a) Impulsar que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais participen activamente nos procesos de adopción de decisións sobre políticas e programas, incluídos os que lles afectan directamente.

b) Potenciar a constitución de Asociacións e/ou institucións que traballen para persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

c) Estimular as relacións entre os/as membros/as.

d) Impulsar e potenciar os obxectivos das actividades dos/das seus/súas membros.

e) Estudar e promover disposicións legais que garantan os dereitos das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

f) Establecer os programas e accións encamiñadas a promover estudos científicos sobre a síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

g) Promover e realizar campañas de información e mentalización social para difundir o coñecemento e a realidade das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

h) Representar aos seus/súas membros en cuestións de interese xeral ou a petición dos mesmos.

i) Promover proxectos de inclusión escolar, laboral, social, programas de saúde e todos aqueles que favorezan o desenvolvemento persoal e a plena inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

j) Xestionar subvencións ante os Organismos competentes de carácter autonómico, nacional ou internacional (públicos ou privados) para obter recursos para o seu mantemento e o funcionamento de todos os programas e servizos que desenvolve, coordina e promove.

k) Establecer e manter relacións de colaboración con outras Organizacións que teñan obxectivos similares.

l) Evitar e, se fose necesario, denunciar a todas aquelas entidades ou persoas que actúen en contra dos intereses das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

m) Promover intercambios e encontros entre profesionais de distintas entidades relacionadas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, posibilitando o coñecemento das diversas experiencias que ao longo da xeografía nacional se están levando a cabo.

n) Prestar apoio psicolóxico ás familias das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, especialmente ás nais e pais con sobrecargas familiares.

o) Fomentar a promoción da muller coa síndrome de Down e discapacidade intelectual en todos os ámbitos. Fomentar todas aquelas políticas de discriminación positiva que promovan a inclusión social en todos os ámbitos (escolar, familiar, social, laboral,...) das mulleres e homes coa Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

p) Promover e organizar actividades de Lecer e Tempo Libre dirixidas a xóvenes coa Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, que fomenten a súa participación na comunidade e polo tanto a súa inclusión social. Para tal fin, constituirá unha sección xuvenil.

q) Promover a autonomía persoal das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

r) Realizar actividades relacionadas coa formación permanente do profesorado no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

s) Calquera outro que, de modo directo ou indirecto, poida contribuír á realización dos fins da Federación.

t) Impulsar e promover a autonomía e a participación social e cidadá en accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre todas as persoas, con especial consideración a aquelas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

u) Favorecer a inclusión social das persoas coa Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en todas as etapas da súa vida, evitando a súa exclusión social e aumentando a súa participación no mercado de traballo, para lograr unha igualdade real de oportunidades e conseguir a súa plena inclusión en todos os ámbitos (familiar, escolar, laboral e social).

v) Mellorar os mecanismos existentes para a defensa dos dereitos das persoas maiores coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais; proporcionar e promover accións de envellecemento activo e participación social, así como a prestación de servizos eficaces para mellorar a súa calidade de vida.

w) Promover a autonomía e a prevención da dependencia nas persoas coa síndrome de Down e otras discapacidades intelectuais.

2.3. PRINCIPIOS

Down Galicia asenta e lexitima as súas actividades nos seguintes principios:

Diversidade | Dignidade | Autodeterminación | Igualdade de oportunidades | Inclusión

2.4. VALORES

A Federación desenvolve unha conducta en sintonía cos seguintes valores:

Coherencia | Compromiso | Efectividade | Participación | Reivindicación | Unión



A igualdade de oportunidades debe ser efectiva en todos os ámbitos

3. NÚMERO DE SOCIOS E SOCIAS

O Movemento Down en Galicia está conformado pola Federación Down Galicia e as súas 8 entidades membro. Todas elas teñen natureza de asociación, agás a Fundación Down Compostela que ten natureza de Fundación. Actualmente, o colectivo conta con 786 socias e socios coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

- **Nº de persoas xurídicas asociadas:** 8 entidades membro.
- **Nº de persoas físicas asociadas ás entidades membro:** 770 persoas con discapacidade intelectual a 1 de xaneiro de 2023 e 786 persoas a 31 de decembro de 2023.
- **Nº total de socios/as:** 794 socios/as, compostas por 8 persoas xurídicas e 786 persoas físicas asociadas ás entidades membro, a 31 de decembro de 2023.

Nas entidades membro de Down Galicia os socios e socias son os beneficiarios e beneficiarias, xunto coas súas familias, das distintas actuacións xestionadas tanto desde a entidade membro coma desde a Federación. Os datos aquí reflectidos corresponden ao rexistro con data 31 de decembro de 2023.

Entidade	Socios/as
Down Galicia	**786**
Down Compostela	98
Down Coruña	122
'Teima' Down Ferrol	73
Down Lugo	74
Down Ourense	91
Down Pontevedra 'Xuntos'	117
Down Vigo	211


4. ACTIVIDADES, PERSOAS BENEFICIARIAS E RESULTADOS

4.1. SERVIZO PARA A PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL (SEPAP)

O traballo de Down Galicia articúlase coma un Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP) para as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Este servizo abrangue todo o periodo evolutivo das persoas, polo que os programas desenvolvidos están organizados en áreas segundo as necesidades de cada unha das etapas vitais.

Na realización de toda a súa actividade, Down Galicia contempla o cumprimento da norma de aplicación vixente de Protección de Datos de Carácter Persoal, garantizando no tratamento de ditos datos persoais a absoluta confidencialidade e reserva, así coma integridade dos datos que se manexan e a súa dispoñibilidade para os autorizados e autorizadas, segundo se establece no sistema de xestión de calidade onde están procedimentadas as medidas técnicas e organizativas adoptadas para garantizar dita protección, confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos recursos afectados.

4.2. ÁREAS DE ACTUACIÓN



Dentro de cada área leváronse a cabo diferentes programas e servizos. A continuación recóllese a listaxe íntegra dos mismos. Posteriormente, detállanse obxectivos, actuacións, persoas beneficiarias e resultados de cada un deles.

- **Área de atención temperá:** Formada por servizos dirixidos a persoas usuarias (e as súas familias) entre 0 e 6 anos que aínda non están integradas no sistema educativo.

  - Atención temperá

- **Área de inclusión educativa:** Integrada por programas dirixidos a persoas usuarias a partir de 3 anos que están dentro do sistema educativo regrado e onde os programas que a conforman teñen como principal obxectivo a súa inclusión educativa.

  - Inclusión educativa de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual

- **Área de formación e emprego:** Dirixida, principalmente, ás persoas usuarias que remataron a súa etapa educativa no sistema regrado así como tamén a aquelas persoas que aínda estando no sistema educativo están na busca activa de emprego. O obxectivo principal dos programas recollidos nesta área é desenvolver as capacidades das persoas usuarias para a inserción laboral e/ou a mellora da súa empregabilidade.
  - Formación para o Emprego
  - Estimulación cognitiva das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
  - Proxecto de realización de actividades de aprendizaxe e integración sociolaboral a través da formación práctica
  - Programa autonómico de itinerarios de inclusión sociolaboral de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
  - Ecofriendly 21: Itinerario de formación e inclusión sociolaboral como axentes de acción medioambiental para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
  - Programa Integrado para o fomento da empregabilidade de persoas vulnerables (EAPN)
  - Servizo Público de Emprego (Orientación Laboral)
  - Programa de Inclusión Laboral (Emprego Con Apoio)
- **Área vida adulta e independente:** Integra aqueles programas dirixidos, principalmente, a dotar de apoio ás persoas usuarias para a súa integración social activa. Nesta área están recollidos aqueles programas dirixidos a persoas usuarias que teñen rematada a etapa educativa regrada e/ou que se atopen en etapa de adolescencia..
  - Adquisición de habilidades para a vida diaria e vida independente
  - Avaliación do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
  - Apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
- **Área complementaria:** Está formada por aqueles programas que, pola súa natureza aplicable á calquera etapa evolutiva, son susceptibles de dar soporte a calquera área.
  - Ocio e vida saudable de persoas coa síndrome de Down e/ discapacidade intelectual
  - Encontros bilaterais de mozos e mozas do movemento Down Galicia
- **Área transversal:** Recolle os programas que, pola súa natureza transversal, ademais de estar presentes en todas as áreas abraguen todos os grupos de interese das entidades de xeito global: persoas usuarias, familias e contorna social. Alén diso, acolle aqueles outros programas que non son de atención directa ás persoas usuarias, pero que sen embargo repercuten no bo desenvolvemento da totalidade dos programas.
  - Apoio a familias de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
  - Apoio psicolóxico de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais

- Sensibilización de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
- Accesibilidade de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
- Encontro autonómico de familias do movemento Down Galicia
- Servizo de Promoción da Autonomía Persoal: Proxecto de reforzo 2022-23 (Programas de Cooperación)
- Relacións institucionais
- Coordinación interasociativa, innovación e dinamización de iniciativas e metodoloxías de traballo
- Comunicación, información e sensibilización social
- Captación de recursos
- Constitución, dinamización e mantemento de redes de traballo
- Administración e xestión
- Desenvolvemento tecnolóxico e comunicacións
- Apoio e formación de profesionais
- Calidade

A continuación recóllense as actuacións máis importantes desenvolvidas desde cada unha das áreas e dos programas que forman a actividade do SEPAP de Down Galicia.

Deste xeito, os resultados recollidos reflicten o traballo realizado desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023 en practicamente a totalidade dos programas, malia que algúns dos resultados acadados reflicten a avaluación realizada unha vez finalizado o período escolar 2022-2023 (naqueles programas de periodicidad bianual).

4.2.1 Área de Atención Temperá



A atención temperá, esencial para un desenvolvemento axeitado

Atención temperá	
Obxectivo	Ofrecer aos nenos e nenas coa síndrome de Down de 0 a 6 anos e ás súas familias un conxunto de accións optimizadoras e compensadoras que faciliten a súa adecuada maduración en tódolos ámbitos e que lles permitan acadar o máximo nivel de desenvolvemento persoal e de inclusión social por medio dunha intervención global, logrando una mellor calidade de vida tanto para a persoa usuaria coma para a súa familia.
Actividades	- Coordinación cos servizos sanitarios e sociais - Acollida en hospitais, maternidades e servizos de atención hospitalaria - Valoración das persoas usuarias - Elaboración do programa de atención individual - Sesións de intervención directa - Coordinación con gardarías e centros educativos - Visitas domiciliarias - Intervención familiar - Medición da satisfacción
Persoas destinatarias	20 nenos e nenas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e as súas familias, así coma centros educativos, gardarías, maternidades e hospitais de xeito indirecto
Resultados	- Número de familias que entraron no servizo: 4 - Número de familias novas que manifestaron que se lles deu a noticia axeitadamente: 2 - Número de persoas usuarias novas que foron derivadas dos hospitais: 1 - O 100% das persoas usuarias/familias teñen deseñado un programa de atención individual - O 100% das persoas usuarias/familias recibiron sesións de intervención directa - Prestouse atención ó 90% das familias do servizo - Número de nais/pais que participaron no grupo de nais/pais: 0 - O 80% das persoas usuarias do programa avanzaron no seu programa individual
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

4.2.2 Área de Inclusión Educativa



La educación o es inclusiva o no es educación

Inclusión educativa de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual	
Obxectivo	Promover e facilitar a inclusión escolar do alumnado con discapacidade intelectual nas gardarías e centros educativos, potenciando ó máximo o seu desenvolvemento cognitivo, social e persoal de tal forma que se contribúa a consolidar os coñecementos, habilidades e destrezas que favorecen a súa plena integración sendo, todo isto, de forma coordinada cos institucións educativas.
Actividades	- Intervención familiar - Acollida e valoración de persoas usuarias - Apoio e reforzo educativo - Coordinación con centros educativos - Avaliación do proxecto
Persoas destinatarias	138 alumnos/as coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual e as súas familias de Galicia, así coma 107 centros educativos e gardarías nos que están escolarizados/as (equipo educativo, compañeiros/as de aula…)
Resultados	- O 99% das familias recibiron feedback sobre a evolución dos seus fillos/as no programa - O 99% das persoas usuarias teñan definido o seu plan educativo - O 93% das persoas usuarias recibiron sesións de apoio personalizado a través de sesións de intervención directa - O 93% das persoas usuarias avanzaron en polo menos 1 obxectivo - Mantívose coordinación co 96% dos centros nos que estiveron escolarizadas as persoas usuarias (99 de 103)
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude Fundación Inocente, Inocente

4.2.3 Área de Formación e Emprego



O traballo dota á persoa empregada de autonomía persoal e económica

Estimulación cognitiva de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais	
Obxectivo	Mellorar e exercitar as funcións cognitivas nos e nas participantes, como a base para lograr unha mellora desenvolvemento das actividades da vida cotiá, na autonomía, nas habilidades e na participación na comunidade.
Actividades	- Avaliación psicopedagóxica e das necesidades cognitivas das persoas usuarias. - Deseño do itinerario/ programacións das persoas usuarias. - Elaboración do material para traballar cos e cas persoas usuarias. - Sesións de intervención directa de estimulación cognitiva coas persoas usuarias. - Seguimento e avaliación do proxecto.
Persoas destinatarias	212 persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual que residen en Galicia e forman parte das entidades Down, coas que é importante traballar as capacidades cognitivas.
Resultados	- O 100% das persoas usuarias do programa pasaron por un proceso de avaliación - Ao 100% das persoas usuarias do programa definíuselle un plan de intervención recollendo os obxectivos a traballar - O 100% das entidades que executa o programa deseñou o material de traballo coas usuarias/as - O 87% das persoas usuarias recibiron atención a través de sesións de intervención individuais e/ou grupais - O 96% das persoas usuarias do programa avanzaron nos seus obxectivos - O 100% das entidades que executa o programa incorporaron o uso de aulas interactivas
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

Formación para o emprego	
Obxectivo	Formar ás persoas coa Síndrome de Down e discapacidade Intelectual maiores de 16 anos que remataron ou que saen do sistema escolar obrigatorio, facilitando a consecución das maiores cotas de autonomía posibles para a súa participación na sociedade como membros de pleno dereito, e dotalas dos instrumentos necesarios para ampliar a súa formación técnica e mellorar así as súas posibilidades de inserción laboral.
Actividades	- Elaboración de programas individuais - Elaboración e deseño de actividades para a consecución dos obxectivos - Sesións de intervención directa coas persoas usuarias tanto en contexto real como simulado - Intervencións familiares de orientación, información e asesoramento - Avaliación do programa e dos resultados acadados polas persoas usuarias
Persoas destinatarias	331 persoas con discapacidade intelectual de diferentes puntos da xeografía galega, maiores de 16 anos e que presentan limitacións en algunha das áreas de formación para o emprego, así coma as súas familias e persoas da contorno.
Resultados	- Nº de prácticas vixentes realizadas polas persoas usuarias de FL: 138 - Nº de persoas usuarias con prácticas: 125 - Nº de accións de formación organizadas pola entidade: 44 - Nº de persoas usuarias que se beneficiaron da formación organizada pola entidade: 287 - Nº de accións de formación da oferta ordinaria nas que participaron as persoas usuarias de FL: 31 - Nº de persoas usuarias que se beneficiaron da formación da oferta ordinaria: 46 - Nº de accións de formación nun perfil profesional organizadas pola entidade: 30 - Nº de persoas usuarias que, ó menos, realizou unha acción formativa nun perfil profesional: 184 - Nº de persoas usuarias que só están no programa de Formación Laboral: 178 - Nº de persoas usuarias que só están no programa de Formación Laboral con prácticas: 87 - Nº de formacións prácticas de usuarios/as que só están no programa de Formación Laboral: 91
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Proxecto de realización de actividades de aprendizaxe e integración sociolaboral a través da formación práctica	
Obxectivo	Mellorar a empregabilidade das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, proporcionándolles unha formación práctica no posto de traballo na que realizarán tarefas de apoio ao persoal da entidade do sector público e que aumentará as súas probabilidades de contratación.
Actividades	- Accións desenvolvidas en cada unha das entidade Down - Accións desenvolvidas durante a realización das prácticas formativas no posto nas diferentes dependencias da Consellería de política Social e Xuventude
Persoas destinatarias	25 persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, que forman parte do movemento Down Galicia e con máis de 16 anos
Resultados	- Número de alumnos/as formados/as nun perfil profesional: 25 - Número de alumnos/as que empezan e rematan a formación: 25 - Número de alumnos/as que melloraron o seu nivel de empregabilidade: 25 - Número de alumnos/as que rematan a formación con cualificación de apto: 25 - Número de horas de formación totais realizadas polos/as alumnos/as: 3.336,5 (220,5 en Santiago, 452 en A Coruña, 1044 en Ferrol, 704 en Lugo, 240 en Ourense, 486 en Pontevedra e 390 en Vigo) - Porcentaxe de persoas usuarias satisfeitas coas tarefas da formación práctica: 100% - Porcentaxe de persoas usuarias satisfeitas cos compañeiros/as: 100% - Porcentaxe de persoas usuarias satisfeitas co horario: 100% - Porcentaxe de persoas usuarias satisfeitas co salario: 92%; - Porcentaxe de persoas usuarias satisfeitas co/a preparador/a laboral: 100% - Porcentaxe de persoas usuarias satisfeitas en xeral: 100%
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

Programa autonómico de itinerarios de inclusión sociolaboral de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual	
Obxectivo	Garantir a adquisición e mellora das competencias necesarias para o acceso ó mercado de traballo a través da capacitación profesional e mellora de habilidades sociolaborais, que aumente as súas posibilidades de empregabilidade
Actividades	- Diagnose e/ou valoración social individual - Deseño, seguimento e avaliación do programa de inclusión sociolaboral individual - Acompañamento social - Accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais - Accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral
Persoas destinatarias	63 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais das áreas de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, maiores de 16 anos (estar en idade laboral) e que presentan interese e necesidade en acadar ou mellorar a súas habilidades persoais, sociais e laborais
Resultados	- O 100% das persoas usuarias pasaron por un proceso de valoración - O 100% das persoas usuarias teñen definido o seu itinerario personalizado de inclusión - O 100% das persoas usuarias participaron en accións de acompañamento social - O 100% das persoas usuarias participaron en accións de orientación laboral - O 89% das persoas usuarias participaron en accións de formación - O 30% das persoas usuarias realizaron prácticas en empresa. - O 65% das persoas usuarias atoparon un emprego - Realizada a coordinación co 100% de empresas e centros ós que se incorporan as persoas do programa, un total de 44 centros - O 100% das familias recibiron información, apoio e asesoramento en relación ó proceso de inclusión do seu fillo ou filla - Realizouse accións de sensibilización e a un total de 17 entidades da contorna - O 100% das persoas usuarias presentaron avances e melloraron as súas posibilidades de emprego
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

Ecofriendly 21: itinerario de formación e inclusión sociolaboral como axentes de acción medioambiental para persoas coa sindrome de Down e/ou discapacidade intelectual	
Obxectivo	Garantir a adquisición e mellora das competencias necesarias para o acceso ó mercado de traballo a través da capacitación profesional e mellora de habilidades sociolaborais, que aumente as súas posibilidades de empregabilidade
Actividades	- Diagnose e/ou valoración social individual - Deseño dun itinerario (proxecto de inclusión sociolaboral individual) - Seguimento e avaliación do proxecto de inclusión sociolaboral individual. - Formación prelaboral/ ocupacional adaptada a persoas en situación ou risco de exclusión - Outras accións de adquisición ou fortalecemento de capacidades persoais e sociais - Apoio e seguimento nas accións formativas - Avaliación de obxectivos e/ou actuacións
Persoas destinatarias	6 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais da área de A Coruña
Resultados	- O 100% das persoas usuarias adquiriron habilidades sociais e laborais aplicables a un entorno laboral a través das accións de fortalecemento das capacidades persoais e sociais - O 100% das persoas usuarias adquiriron coñecementos e habilidades laborais aplicables a un entorno laboral en medio ambiente - Proporcionouse a orientación laboral axeitada as características e intereses persoais de cada unha ó 100% das persoas participantes no programa. - O 100% das persoas participantes desenvolveron prácticas e accións no exterior, en colaboración con institucións e empresas, tales como: recollida de residuos nas praias, reforestacións, extracción de especies invasoras, eco auditorías en empresas, etc. - Dotouse ó 100% das persoas participantes dos coñecementos e habilidades necesarias para comprender e asimilar os principios da Educación Ambiental dentro do marco dos ODS da Axenda 2030 - Desenvolvéronse as actividades teórico-prácticas de coñecemento do medio natural e social e accións de participación social tanxibles a través de dinámicas lúdicas para o 100% das persoas usuarias - Habilitáronse ó 100% das persoas participantes como Axentes de Acción Ambiental para poder acceder ao mercado laboral cunha acreditación propia
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

Programa integrado para o fomento da empregabilidade de persoas vulnerables (EAPN)	
Obxectivo	Mellorar os niveis de empregabilidade e/ou incorporación ó mercado laboral das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual a través do deseño dun itinerario personalizado de inserción atendendo as súas habilidades e preferencias laborais
Actividades	- Información e acollida - Diagnose - Elaboración do itinerario - Implantación do itinerario - Seguimento
Persoas destinatarias	21 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais de Galicia
Resultados	- Elaborouse unha valoración social individual e un itinerario personalizado de inserción para o 100% das persoas usuarias - Realizouse un seguimento e revisión dos obxectivos pospostos para cada persoa e das actuacións levadas a cabo, así como tamén se realizou un acompañamento idóneo para o 100% das persoas usuarias - O 100% das persoas usuarias melloraron as súas habilidades básicas e polivalentes para a vida cotiá, habilidades sociais, laborais e habilidades para a busca activa de emprego e polo tanto o proceso de inclusión sociolaboral - Proporcionouse orientación laboral para conseguir, manter ou mellorar o emprego, así como tamén se facilitou a busca de empresas que proporcionasen inserción e actuacións de intermediación laboral - O 33% das persoas participantes no programa remataron o itinerario con inserción laboral - As persoas participantes incrementaron a súa motivación de cara a busca de emprego e realizaron un esforzo por participar activamente nas distintas accións nas que participaron - A satisfacción das persoas participantes co desenvolvemento das accións do programa e co apoio personalizado prestado foi alta
Financiador	Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Convenio a través de EAPN Galicia

Servizo de Orientación Laboral (Centro colaborador do Servizo Público de Emprego)	
Obxectivo	Desenvolver actuacións de apoio á inserción laboral e á mellora da empregabilidade das persoas demandantes de emprego con discapacidade intelectual e/ou síndrome de Down en particular.
Actividades	- Entrevistas de orientación - Itinerarios personalizados de inserción (IPI) - Accións de grupo de orientación laboral - Atención e intervención coas familias das persoas demandantes de emprego - Traballo en rede cos técnicos de Emprego e Formación das entidade membro da Federación Down Galicia - Información, asesoramento e atención a consultas - Contactos con entidades públicas e privadas - Prospección de empresas do mercado laboral
Persoas destinatarias	366 persoas con discapacidade intelectual maiores de 16 anos que están interesadas en formar parte da bolsa de demandantes do Servizo Público de Emprego así como en beneficiarse de todo o que elo leva consigo: ofertas de emprego, formación ocupacional, itinerarios personalizados de inserción, orientación laboral... Estas persoas distribúense en 3 grandes zonas de actuación: 122 persoas da zona Norte (Santiago, A Coruña e Ferrol), 176 da zona Sur (Pontevedra e Vigo) e 68 persoas da zona Oeste (Ourense e Lugo).
Resultados	- Índice medio de entrevistas individuais e de IPI a demandantes: 4,12 - Porcentaxe de atención individual: 90% - Éxito da orientación: contrato: 19% - Éxito da orientación: mellora empregabilidade: 63% - Nº de persoas de alta en MNProgram : 366 - Nº de persoas demandantes atendidas por axenda (presencial ou telemática individual ou grupal) : 291 - Nº de persoas demandantes que tiveron atención individual, presencial ou telemáticamente: 273 - Nº de entrevistas de orientación realizadas por axenda: 1199 (das cales 1173 foron presenciais e 26 telemáticas). - Nº de Itinerarios Personalizados de Inserción: 36 - Nº de entrevistas de Perfil: 205 - Nº de accións grupais: 124 - Nº de entrevistas individuais fóra de axenda: 42 - Nº de Visitas e contactos con entidades públicas e privadas: 86 - Nº de Contactos/reunións con familias: 153 - Nº de Reunións con técnicos das entidades membro: 68 - Nº de reunións entre o equipo de orientadoras: 71
Financiador	Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade Consellería de Política Social e Xuventude

Inclusión laboral	
Obxectivo	Facilitar a inclusión socio-laboral das persoas con discapacidade intelectual, especialmente das persoas coa síndrome de Down, no mercado de traballo ordinario garantindo, para iso, todos os apoios que tanto a persoa con discapacidade, a familia, coma o empregador/a necesitan
Actividades	- Valoración e orientación establecendo o Plan Personalizado de Inserción - Intervención con familias - Prospección do mercado laboral - Inclusión socio-laboral da persoa usuaria no posto e prestación de apoios - Xestión administrativa da inclusión: notificación á compañía de seguros e a Inspección de Traballo e Seguridade Social - Medición da satisfacción das persoas usuarias, empresas e familias
Persoas destinatarias	265 persoas usuarias maiores de 16 anos, localizadas en distintos puntos de Galicia así coma as persoas que forman parte do núcleo familiar e rede de apoio, e conxunto de persoas da contorna (os/as compañeiros/as de traballo, o empresariado, a clientela, o entorno social…)
Resultados	- Nº de empresas contactadas: 326 - Nº de empresas visitadas: 113, das cales 110 son empresas novas. - Nº de empresas novas coas que se firmou convenio: 44 - Número de empresas colaboradoras: 188 - Número total de prácticas vixentes no período: 64, das cales 62 se asinaron neste ano - Número de persoas usuarias en prácticas: 50 - Número de persoas usuarias con contrato: 205 - Número de persoas que asinaron 1 contrato: 55 - Número de contratos temporais transformados en indefinidos: 24 - Número total de contratos laborais vixentes: 240 dos cales 70 contratos e 13 prórrogas se asinaron neste ano - Nº de contratos indefinidos vixentes: 182 - Número persoas usuarias que estiveron activos (con prácticas ou contrato): 238
Financiador	- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade - Consellería de Política Social e Xuventude - Deputacións de A Coruña, Ourense e Pontevedra - Fundación Mapfre – Fundación Konecta (“Programa Juntos Somos Capaces”) - INSERTA Galicia (Grupo ONCE) subcontratación. - Fundación La Caixa e Fundación ONCE (proxectos de 12 meses que se executan entre o 2023 e 2024, a imputar do gasto a estes financiadores será no período do ano 2024, non hai imputación de estas axudas no exercicio 2023)

4.2.4 Área de Vida Adulta e Independente



Acadar unha vida máis autónoma é un dos obxectivos principais

Adquisición de habilidades para a vida diaria e independente	
Obxectivo	Proporcionar ás persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual os recursos necesarios para a aprendizaxe das habilidades e destrezas relacionadas coa autonomía e desenvolvemento persoal, para conseguir unha vida o máis autónoma e independente posible, de xeito que diminúan os apoios recibidos e os convertan en persoas activas socialmente, así como favorecer a implicación das súas familias, nesta consecución de independencia.
Actividades	- Avaliación de persoas usuarias - Elaboración de programa de apoio personalizado - Apoio e intervención coa persona usuaria - Intervención coas familias e contorna (asesoramento en estratexias, reunións grupais...) - Avaliación do avance das persoas usuarias
Persoas destinatarias	363 persoas con discapacidade intelectual de diferentes puntos de Galicia en etapa adulta, así coma as súas familias e contorna social.
Resultados	- O 94% das persoas usuarias do programa foron valoradas en función das súas competencias nas habilidades para a vida diaria e independente - Ao 100% das persoas usuarias se lles deseñou un programa de intervención - O 100% das persoas usuarias e familias do programa recibiron apoio personalizado na área de habilidades básicas para a vida diaria e independente, ben a través de sesión de traballo individuais e/ou grupais como a través de apoio no fogar - piso. - O 90% de persoas usuarias avanzaron en polo menos un dos obxectivos da súa programación individual do programa, traballados tanto na entidade Down a nivel local, coma no seu propio fogar - O 10% das persoas usuarias participaron en estancias temporais - Número de persoas usuarias que están independizadas: 8 - Grao de participación e implicación das familias no programa: medio- alto - Practicamente ó 100% das familias do programa recibiron información, orientación e apoio en relación á participación no programa dos seus fillos e fillas, ben sexa a través da súa participación nos grupos de pais e nais convocados ou ben a través de entrevistas/reunións de carácter individual
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

Avaliación do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual	
Obxectivo	Desenvolver accións de análise e estudo sobre a evolución e as necesidades do envellecemento das persoas coa síndrome de Down, asegurándolles a adecuación dos recursos de atención a fin de facilitarlles maiores oportunidades de envellecemento activo e saudable que fomenten a súa independencia e autonomía persoal, así como que melloren a súa calidade de vida

Actividades	- Revisión bibliográfica
	- Acollida e presentación do proxecto ás persoas usuarias e familias
	- Avaliación do envellecemento das persoas usuarias
	  - Actualización do protocolo de avaliación e seguimento do envellecemento das persoas coa síndrome de Down
	  - Elaboración do protocolo de avaliación e seguimento do envellecemento das persoas coa discapacidade intelectual
	  - Aplicación do protocolo ASE a persoas usuarias coa síndrome de Down
	  - Aplicación do protocolo ASE a persoas usuarias con discapacidade intelectual
	- Análise de datos e de necesidades
	- Establecemento de liñas de actuación e recursos de apoio

Persoas destinatarias	622 persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual en etapa adulta e as súas familias que forman parte do movemento Down Galicia e con idades comprendidas entre os 19 e os 65 anos
Resultados	- Fondo bibliográfico actualizado - O 100% das persoas usuarias e familias ás que se lles aplicou o protocolo de envellecemento recibiron información sobre o proxecto (actuacións, obxectivo, xustificación....) - Protocolo ASE de persoas coa síndrome de Down revisado e modificado - Protocolo ASE de persoas con discapacidade intelectual elaborado - Aplicouse o protocolo ASE ás persoas coa síndrome de Down maiores de 35 anos e á maioría das persoas de entre 19 e 34 anos - Aplicouse o protocolo ASE ás persoas con discapacidade intelectual maiores de 40 anos e a unha parte das persoas de entre 19 e 34 anos - Realizouse a análise de datos e necesidades, identificando recursos de apoio, tanto das persoas coa síndrome de Down como discapacidade intelectual
Financiador	Recursos propios das entidades da Federación e da propia Federación Fundacion Amigó

Apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais	
Obxectivo	Promover o envellecemento activo nas persoas adultas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual dependentes, asegurándolles maiores oportunidades de incrementar, manter e actualizar aquelas competencias que favorezan fomentar a súa calidade de vida.
Actividades	- Valoración das persoas usuarias do proxecto - Plan individual de intervención coas persoas usuarias - Atención e apoio psicosocial a familias - Coordinación con recursos socio-sanitarios do entorno comunitario
Persoas destinatarias	289 persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual de Galicia maiores de 20 anos como norma xeral (aínda que prioritariamente maiores de 35 anos), valoradas como dependentes, que ben por signos biolóxicos, cognitivos, sociais e/ou persoais están no proceso de envellecemento
Resultados	- O 78% das persoas usuarias do programa pasaron polo proceso de valoración - O 98 % das persoas usuarias teñen deseñado o seu Plan de Intervención e teñen definidos os obxectivos a traballar - Prestouse apoio no proceso de envellecemento ao 74% das persoas usuarias a través de sesións de intervención de carácter individual e/ou grupal - O 57% das persoas usuarias do programa avanzaron nos seus obxectivos - Prestouse apoio e atención ó 100% das necesidades de atención das persoas usuarias e familias - Prestouse atención ó 76% das familias do programa - Atendeuse ó 100% de demandas de servizos e recursos externos - Existiu coordinación con 41 axentes e recursos comunitarios
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

4.2.5 Área Complementaria



Os encontros axudan a cohesionar e a seguir medrando como movemento

Encontros bilaterais de mozos e mozas do Movemento Down Galicia	
Obxectivo	Organizar diferentes encontros bilateriais de persoas mozas entre as entidades que forman parte do movemento Down de Galicia emprazadas en Lugo e Ourense
Actividades	- Planificación e definición dos programas dos diferentes encontros bilateriais. - Organización e celebración do Encontro bilateral Down Ourense - Down Lugo, na cidade de Lugo - Organización e celebración do Encontro bilateral Down Lugo - Down Ourense, na cidade de Ourense - Organización e celebración do Encontro bilateral Down Ourense - Down Lugo, na cidade de Lugo con pernocta - Organización e celebración do Encontro bilateral Down Lugo - Down Ourense, na cidade de Ourense con pernocta - Avaliación do programa
Persoas destinatarias	33 mozos e mozas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, maiores de 18 anos e que forman parte das entidades de Down Galicia que executan o programa
Resultados	- Participaron 2 entidades nos 4 encontros realizados - Definidos o 100% dos programas dos encontros a realizar (un total de 4 programas para 4 encontros) - Cubriuse o 100% das prazas ofertadas para cada un dos encontros. - Contabilizáronse un total de 106 participantes na globalidade dos encontros (tendo en conta que se trata de 33 persoas diferentes) - Visitáronse un total de 2 cidades - O 100% das persoas dos encontros participaron nas actividades organizadas - Realizáronse actividades lúdicas e visitas culturais no 100% dos encontros) - Realizáronse 11 actividades lúdicas e 2 visitas - O grao de satisfacción das persoas participantes nos encontros foi alto
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

Ocio e vida saudable de persoas coa síndrome de Down e dicapacidade intelectual	
Obxectivo	Ampliar a inclusión e normalización das persoas coa Síndrome de Down e/ou Discapacidade Intelectual na sociedade, favorece-lo desenvolvemento da autonomía persoal, incidir no coñecemento do entorno social e potenciación das habilidades e destrezas sociais a través da participación activa na mesma e facendo uso dos recursos que ofrece a comunidade. Sensibilizar tanto ás persoas usuarias coma ás súas familias sobre a necesidade de manter unha adecuada actitude en relación coa alimentación e o deporte, para a mellora do seu benestar e saúde.
Actividades	No ámbito do ocio: - Actividades de elección, organización e planificación - Actividades de ocio no exterior e/ou interior No ámbito da vida saudable: - Formación teórica: recomendacións e coidados, hixiene corporal e do sono, dieta saudable... - Taller de alimentación: aprender a comer de forma saudable - Taller de compra saudable - Deporte e actividades de expresión corporal - Toma de decisións responsables e saudables - Hixiene e aseo persoal
Persoas destinatarias	425 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais que residen na Comunidade Autónoma de Galicia, que forman parte das entidades membro da Federación Down Galicia e que participaron en ámbolos 2 ámbitos do programa, ou tan só nun deles, segundo o seguinte: - 237 persoas no ámbito do Ocio - 237 persoas no ámbito da Vida saudable
Resultados	No ámbito do ocio: - O 45% dos usuarios/as socios/as da entidade acudiron ao programa de ocio - O 97% dos/as usuarios/as do programa acudiron ás reunións de planificación - O 99% dos/as usuarios/as participaron activamente na toma de decisións e elección do ocio nas reunións - O 95% dos/as usuarios/as lograron unhas maiores cotas de autonomía persoal e social - O 100% dos/as usuarios/as utilizaron e desfrutaron dos diferentes recursos da comunidade No ámbito da vida saudable: - Deuse información sobre o programa ó 100% das persoas usuarias e familias - O 97% das persoas usuarias melloraron os seus coñecementos sobre alimentación saudable - O 97% das persoas usuarias melloraron, polo menos, nun aspecto da súa saúde - O 91% das persoas usuarias participaron nas sesións teórico- prácticas do programa
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

4.2.6 Área Transversal



A sensibilización é esencial para que a sociedade avance cara a inclusión

Apoio psicolóxico de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais	
Obxectivo	Fomentar o benestar da persoa coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual prestando atención á saúde integral e detectar as necesidades de apoio e intervención psicolóxica que favorezan a súa calidade de vida
Actividades	- Reunións do equipo multidisplinar para deseño e análise de casos e planificación das intervencións - Sesións de intervención psicolóxica - Asesoramento, elaboración de informes e apoio en trámites burocráticos - Coordinación con recursos externos
Persoas destinatarias	332 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e as súas familias, das áreas de influencia de A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Vigo e Ourense
Resultados	- Deuse resposta ao 98% das persoas que demandan necesidade de apoio psicolóxico (un total de 104 persoas) - Realizáronse 706 sesións de intervención psicolóxica - Interveuse co 100% dos casos detectados en situación de vulnerabilidade bio-psico-social (con un total de 51 persoas) - O 85% de persoas usuarias que precisaron atención psicolóxica foron capaces de expresar sentimentos, medos e necesidades (281 de 332) - Foron atendidas o 94% das demandas de asesoramento, elaboración de informes e apoio en trámites burocráticos (un total de 101 sobre 107) - Realizáronse coordinación co 92% dos recursos cos que foi preciso - Realizouse coordinación con un total de 22 recursos
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

Apoio a familias de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais	
Obxectivo	Mellorar a calidade de vida do núcleo familiar das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais de Down Galicia, a través de accións de información, orientación, apoio, acompañamento, formación e xornadas de cohesión
Actividades	- Información e orientación a pais/nais e pais/nais novos - Información e orientación a familia extensa - Información e orientación en situacións de crise - Formación a novo/as pais/nais - Escola de familias - Encontros de familias - Acollida e acompañamento no momento "1ª noticia" - Apoio en situacións de hospitalización familiar - Seguimento e avaliación do programa
Persoas destinatarias	3.040 persoas, todas elas membros da unidade familiar das 760 familias atendidas en toda Galicia, entendendo unha media de 4 persoas por unidade familiar (persoa coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual e 3 membros da súa familia nuclear e/ou rede social de apoio).
Resultados	- Realizáronse 3.521 entrevistas familiares para un total de 760 familias que se beneficiaron do programa - Fixéronse 96 intervencións en crise para un total de 40 familias - Realizáronse 143 entrevistas iniciais de acollida novas familias para un total de 81 familias que acudiron ás entidades de Down Galicia para interesarse en ser socias - No 2023, realizaron 16 sesións de respiro e redución estrés, e tan só na localidade de A Coruña - Atendeuse a un total de 41 familias inmigrantes - Atendeuse a un total de 66 familias en situación económica de exclusión - Realizáronse 25 grupos de familias ou de formación a familias por grupo de expertos das que se beneficiaron un total de 174 familias - Beneficiáronse un total de 24 familias (novos pais/nais) da formación organizada - Fixéronse 2 sesións de grupos de irmáns (1 en A Coruña e 1 a nivel autonómico), nos que participaron 16 familias - Fíxose a acollida e acompañamento ante a primeira noticia a 6 familias, para as que se realizaron un total de 20 entrevistas - Fixéronse 39 actuacións realizadas con un total de 21 familias en situación de hospitalización/atención sanitaria - Organizáronse 26 eventos de cohesión, convivencia e intercambio de experiencias, nos que participaron 301 familias
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

Sensibilización de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual	
Obxectivo	Promover a sensibilización, divulgación, información e formación da poboación xeral en torno á realidade das persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
Actividades	- Accións e xornadas de sensibilización destinadas a distintos axentes sociais da comunidade e sociedade en xeral - Difusión de novas e información na web, redes sociais e medios de comunicación - Sensibilización do voluntariado
Persoas destinatarias	741persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual e familiares así coma alumnado e profesorado de centros educativos, futuros profesionais das áreas Social-Educativo-Sanitaria (Ciclos Formativos, Estudios Universitarios, etc.), clubes deportivos, e resto de colectivos das áreas de influencia do Movemento Down de Galicia.
Resultados	- Realizáronse en torno a 753 accións de sensibilización - Calcúlanse en torno a 10097 persoas participantes nas diferentes accións de sensibilización realizadas - Preto do 93% das actuacións realizadas tiveron un impacto superior ós 3 puntos sobre 5 ou ven un impacto medio alto - -En 101 actuacións de sensibilización realizadas participaron persoas usuarias - Publicáronse nas webs das entidades un total de 132 noticias - Difundíronse en redes sociais/blogs un total de 1394 noticias - Remitíronse ós medios de comunicación 106 noticias - Editáronse un total de 47 materiais de carácter audiovisual - Ofreceuse sensibilización ao 90% do voluntariado que mostrou interese por colaborar na entidade (a 47 persoas dun total de 52 interesadas) - Realizáronse 47 sesións de sensibilización ao voluntariado - O grao de satisfacción do persoal voluntario é alto
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

Accesibilidade de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual	
Obxectivo	Mellorar a calidade do servizo de Promoción da Autonomía Persoal que reciben as persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
Actividades	- Definición das persoas usuarias que precisan deste servizo de trasporte - Deseño das rutas de transporte - Prestación do servizo de trasporte
Persoas destinatarias	22 persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual das áreas de influencia de Santiago e Lugo con necesidade de dispor dun medio de transporte para acudir ós servizos e sesións de intervención das entidades de Down Galicia e que, polo seu lugar de residencia ou necesidade de adaptación, non tiñan outra vía para poder desprazarse ás nosas entidades.
Resultados	- Identificadas o 100% das persoas que precisan dun servizo de transporte - Deseñadas un total de 6 rutas para poder dar resposta ás persoas que o precisan - O 85% das persoas que precisaron, servizo de transporte, puidéronse beneficiar deste - O 100% das persoas que se beneficiaron deste servizo, asistiron a sesións de intervención na entidade Down
Financiador	Consellería de Política Social e Xuventude

Servizo de Promoción da Autonomia Persoal (SEPAP): Proxectos de reforzo (Programas de Cooperación)	
Obxectivo	Apoiar no desenvolvemento dos programas que forman parte do Servizo de Promoción de Autonomía Persoal das entidades Down de Galicia
Actividades	- Formación para o emprego, vida adulta e independente e ocio, en A Coruña - Vida Adulta e independente, en Ferrol, Lugo, Pontevedra, Vigo e Ourense - Formación e emprego, en Santiago
Persoas destinatarias	786 persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual que forman parte das entidades Down en Galicia, así coma as súas familias e contorna comunitaria de maneira indirecta
Resultados	Proporcionouse ás persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual os recursos adecuados que permitan a súa participación da forma máis autónoma e independente posible na comunidade, mediante o fortalecemento dos seus recursos persoais e o adestramento da autonomía persoal
Financiador	Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Relacións institucionais

- Apoio, reivindicación e difusión das iniciativas e necesidades das Entidades Down
- Reunións e mediación coa Administración Autonómica co fin de presentar os servizos e programas que desenvolven as entidades membros e as necesidades de financiamento que cada unha presenta
- Asegurar os niveis de calidade adecuados para a posta en marcha e funcionamento dos servizos
- Reivindicación e defensa de dereitos das persoas coa síndrome de Down e das súas familias
- Negociación de acordos de financiamento/ colaboración para a xestión de programas
- Apoio ás necesidades de financiamento, infraestrutura e recursos das entidades que forman parte do movemento Down Galicia a través dos 4 programas de IRPF:
  - Implantación e renovación de equipamento informático e audiovisual
  - Acondicionamento e mellora de centros e vivendas para o servizo de promoción de autonomía persoal
  - Rehabilitación da fachada do centro de servizos S.E.P.A.P. de Down Compostela
  - Obra de adecuación do Centro de promoción de autonomía persoal de Down Ourense
- Loita pola optimización dos recursos públicos, demandando unha posta en valor e recoñecemento dos diferentes dispositivos postos ao servizo das persoas con discapacidade, que pretenden a promoción real e efectiva da Promoción de Autonomía Persoal
- Xestións relativas á estabilización dun cadro de persoal cualificado que garante a provisión de servizos especializados
- Optimización de recursos públicos e privados.
- Asegurar a alta especialización e continuidade dos servizos que se prestan
- Implantación de espazos cardioprotexidos con desfibriladores (puntos DESA) en 7 centros de traballo da Federación (Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e 2 en Vigo), formando ao persoal no seu uso e na Reanimación Cardio Pulmunar (RCP)

Financiador: Consellería de Política Social e Xuventude

Coordinación interasociativa, innovación e dinamización de iniciativas e metodoloxías de traballo

- Reunións que as persoas representantes da Federación mantiveron cos/coas diferentes representantes de Institucións públicas, co fin de abordar os temas máis prioritarios
- Negociación de acordos de financiamento/ colaboración para a xestión de programas
- Informar, asesorar, estruturar, coordinar e apoiar o movemento asociativo das persoas coa síndrome de Down en Galicia
- Coordinación da dirección do traballo do equipo do persoal técnico das diferentes áreas de actuación das entidades membro e asesoramento en diferentes cuestións derivadas destes
- Traballo na unificación de obxectivos, liñas de actuación, estratexias, sistemas de traballo e elaboración de documentos e materiais de uso común referidos aos programas e servizos
- Dinamización dos seguintes Grupos de Mellora de Down Galicia:
  - Grupo de mellora de Educación
  - Grupo de mellora de Emprego
  - Grupo de mellora de Vida independente
  - Grupo de mellora de Familias
  - Grupo de mellora de Administración
  - Comisión de Apoios Personalizados
  - Comisión de Envellecemento
- Actuacións desenvolvidas dentro da área de inclusión educativa:
  - Mantemento e impulso da inclusión educativa no marco do convenio coa Consellería de Educación de intervención en centros educativos
  - Actualización do punto virtual de educación de Down Galicia
- Actuacións desenvolvidas dentro da área de formación e emprego:
  - Accións para impulsar a inserción laboral das persoas usuarias en emprego público
  - Prospección de ECA en empresas ordinarias de ámbito autonómico
  - Mellora das posibilidades de inclusión laboral das persoas usuarias a través da mellora dos seus niveis de formación: colaboración Asesoramento e apoio ás entidades membro nos cursos e probas do CELGA e seguimento coa Administración da adaptación das probas a lectura fácil, información ás entidades membro das accións formativas da oferta comunitaria (AFD...)
  - Coordinación con outras entidades/redes de traballo: Programa Juntos Somos Capaces, Programa Incorpora La Caixa...
  - Organización do II Encontro de profesionais dos programas de ECA-Envellecemento e Vida adulta

Coordinación interasociativa, innovación e dinamización de iniciativas e metodoloxías de traballo

- Actuacións desenvolvidas dentro da área de vida adulta e independente:
  - Mantemento da Rede Vivendas Down Vida Independente: Seguimento do cumprimento legal das autorizacións da Rede de Vivendas Down
  - Impulso de actuacións da área de vida adulta a través da coordinación con outras entidades/ redes de traballo
    - Xestións relativas á organización de Encontros bilaterais de mozos/as presenciais entre as entidades membro
    - Planificación do encontro autonómico de persoas adultas e mozas 2024
  - Resposta as necesidade e os riscos identificados na etapa de vida adulta:
    - Xestión e organización do traballo realizado dende a comisión de apoios personalizados
  - Accións que favorezan un modelo de envellecemento:
    - Accións de sensibización e información
    - Reflexión e debate sobre como afrontar o tránsito das persoas usuarias máis maiores a outros recursos
    - Colaboración coa USC en investigación e análise dos datos a obter no estudo Envellecemento Down (calculadoras cambio clinicamente significativo)
    - Participación na Rede Galega de Investigación de Demencias
    - Difusión do material de sensibilización-información: guía recursos atención sanitaria a persoas con SD, recomendacións de saúde actualizado,...
    - Busca de financiamento para os test dixitais adaptados e a plataforma de xestión de datos do Protocolo ASE
    - Elaboración de plataforma de xestión de datos do Protocolo ASE e xogos serios adaptados
    - Actualizar o Protocolo ASE para síndrome de Down e documentar o proceso de envellecemento en persoas con outras discapacidades intelectuais
    - Xestións co Sergas
    - Organización e xestión do Grupo de traballo de Atención médica das entidades Down
- Actuacións desenvolvidas dentro da Área Transversal:
  - Actuacións de cohesión das entidades Down: Organización do Encontro Virtual irmáns/ irmas e da Xuntanza presencial de persoas Directivas-Técnicas
  - Incidencia a nivel político reivindicando o modelo de Promoción Autonomía Persoal e garantir a máxima captación de financiamento público do mesmo, defender os dereitos das persoas con discapacidade e asegurar a realización dos servizos necesarios nas entidades Down
  - Definición do novo directorio da intranet de Down Galicia
  - Xestión das prácticas do alumnado de Filoloxía inglesa
  - Xestións relativas á documentación da presenza dos Centros de Traballo de Down Galicia en todos os locais das entidades membro
  - Xestión do crédito de Formación Continua do conxunto Down por parte da Federación

Coordinación interasociativa, innovación e dinamización de iniciativas e metodoloxías de traballo

- Mellora do sistema de cotas de prestación dos servizos aplicado nas entidades Down
- Analizar as posibilidades de melloras na captación e xestión de recursos
  - Implantación de Compliance na Federación e/ou entidades membro
  - Fondos europeos: participar ante oportunidades de solicitudes de fondos Erasmus +
  - Elaboración, implantación, difusión e formación-sensibilización de Protocolos de Prevención Acoso Laboral por entidade Down
- Análise resultados plan estratéxico 19-23 e inicio da elaboración do Novo Plan

Financiador: Consellería de Política Social e Xuventude

Comunicación, información e sensibilización social

- Redacción/emisión de contidos para medios de comunicación, así como xestión e tramitación de solicitudes dos medios de comunicación sobre temas referentes á síndrome de Down e discapacidade en xeral (participación en programas de televisión, reportaxes, entrevistas, etc.)
- Seguimento en medios: 540 impactos contabilizados (sen incluír redes sociais)
- Outras tarefas de difusión, como son a recollida de documentación e elaboración de intervencións para representantes de Down Galicia en congresos, relatorios, charlas, etc.
- Apoio técnico en comunicación ás entidades membro
- Envío de notas de prensa a medios de comunicación
- Xestión da páxina web e redes sociais da entidade
- Realización de accións de sensibilización social:
  - Actuacións vinculadas ó Día Mundial da Síndrome de Down: deseño e execución do Acto celebrado a nivel autonómico en Santiago, Apoio ás entidades membro, Planificación de reportaxes, e xestións varias relativas á difusión e sensibilización
  - Creación de material audiovisual para actos ou como material de sensibilización
  - Creación de guías informativas como material de sensibilización: guía sobre lectura fácil, material informativo para familias sobre o proceso de envellecemento, guía de orientación académica e profesional para persoas con discapacidade intelectual, etc.
  - Xestións con varios xornais galegos, emisoras de radio e cadeas de televisión para a publicación de reportaxes sobres diversos temas: inclusión social, educación, envellecemento, Día Mundial da síndrome de Down, etc.
  - Visibilización do programa de envellecemento activo: participación en congresos, presentación dunha unidade didácticas en varias universidades galegas, difusión do traballo realizado a centros sociosanitarios, asociacións de médicos de familia, EOXIs, etc.
  - Impartición de formación sobre a atención sanitaria das persoas coa síndrome de Down a través do ACIS
  - Asistencia a eventos públicos organizados por terceiros
  - Participación activa na difusión da Campaña da XSolidaria coordinada por EAPN Galicia e o CERMI Galicia

Comunicación, información e sensibilización social

- Plan de comunicación externa:
  - Elaboración de cartas de benvida para novos cargos da Administración Pública
  - Xestións e preparación de documentación para visitas e/ou reunións institucionais das distintas Administracións, entidades privadas e/ou personalidades de relevancia mediática
  - Actualización do protocolo argumentario para dar cohesión ás mensaxes emitidas
  - Comunicados de prensa
- Elaboración e deseño dun Plan de Acción de Comunicación para o exercicio 2023
- Redacción e adaptación de documentos en lectura fácil
- Xestión da relación coas familias socias das entidades Down: envío da memoria actividades
- Dinamización da base social da Federación: envío da memoria de actividades, información relevante, revista trimestral, etc.
- Elaboración dunha revista informativa e dun boletín informativo interno de carácter trimestral
- Elaboración dunha memoria anual visual
- Xestión de contactos para promover o apoio a varios proxectos de Down Galicia presentados a diversas convocatorias suxeitas a votación pública
- Apoio na xestión de solicitudes e xustificacións

Financiador: Consellería de Política Social e Xuventude

Captación de fondos
- Deseño e execución do Plan de captación do ano 2023 (integrado no Plan de Comunicación da entidade) - Xestión da Campaña “Na diferenza está a riqueza” realizada en colaboración con La Voz de Galicia, con motivo do día 21 de marzo - Deseño e adaptación de distintos informes e dossieres de presentación de Down Galicia - Xestión da relación con doantes colaboradores da Federación - Promoción en dous momentos do ano (rebaixas de verán e antes do Nadal) da plataforma Helpfreely, que destina parte das compras online a entidades non lucrativas - Outras accións de captación
Financiador: Consellería de Política Social e Xuventude

Constitución, dinamización e mantemento de redes
- Participación en diferentes comisións de traballo do CERMI Galicia: - Comisión da Muller - Comisión de Sanidade - Comisión de Accesibilidade - Comisión de Educación - Comisión de Emprego - Outras comisións: Converxencia Asociativa, Discapacidade, Parlamento... - Participación nos grupos de traballo de EAPN Galicia - Rede Galega Contra a Pobreza: - Grupo de Inclusión - Grupo de Participación - Grupo de Comunicación - Grupo de Emprego - Participación en diferentes comisións de traballo do CERMI España: - Comisión de accesibilidade cognitiva - Comisión de persoas con discapacidade maiores - Comisión de Inclusión Laboral co Grupo de Traballo - Emprego Público - Comisión de Fondos europeos - Participación en diferentes comisións de traballo de EAPN España: - Grupo de Emprego - Grupo de Fondos Europeos - Participación nas Redes de Traballo a nivel estatal de Down España: - Rede de Atención Temperá - Rede de Educación - Rede de Emprego Con Apoio (Down Integra) - Rede de Vida Independente - Rede de Vida adulta e envellecemento - Grupo de Comunicación - Foro de Directivos e Xerentes
Financiador: Consellería de Política Social e Xuventude

Administración e Xestión
- Tarefas derivadas do cumprimento dos requisitos e obrigas legais que afectan ás entidades sen ánimo de lucro no ámbito administrativo, contable, tributario, asociativo, laboral, da normativa de subvencións, e calquera outra que sexa de aplicación - Comunicación coa área administrativa e de xestión das entidades de Down Galicia, a fin de garantir un traballo en rede eficaz e eficiente - Comunicación e cooperación co resto do equipo e con terceiros/as - Información, apoio e asesoramento ás entidades membro da Federación en cuestións de ámbito administrativo e de xestión - Control de riscos: xestión de Seguros - Análise e desenvolvemento técnico de novos servizos e de novos procesos que melloren a calidade do traballo desenvolvido - Planificación e elaboración de presupostos - Control da xestión dos gastos e da inversión - Control dos procesos contables: financeira e analítica - Control económico interno - Xestión da tesouraría: previsión, cobros e pagos - Análise e reporte da información financeira da entidade - Organización e xestión de arquivo documental I
Financiador: Consellería de Política Social e Xuventude

Desenvolvemento tecnolóxico e comunicacións

- Soporte técnico e solución de incidencias (helpdesk) a todas as entidades membro
- Mantemento, administración e xestión do equipamento informático de todas as entidades Down dispoñible nos 7 centros de traballo
- Actividades de administración de sistemas:
    - Mantemento do Active Directory (usuarios/as e grupos) de Windows, xestión de permisos de usuarios e usuarias e políticas de grupo (GPO). Alta e baixa das persoas usuarias do sistema. Distribución dos permisos de accesos aos recursos compartidos en función do posto dos usuarios e usuarias
    - Realización, control e mantemento das copias de seguridade da información almacenada nos servidores das entidades
    - Actualización permanente dos sistemas operativos así como do software necesario para o traballo, tanto para optimizar as operacións que se realizan como para evitar problemas alleos (antivirus, drivers, etc.)
    - Instalación e configuración do novo hardware e software
    - Resposta ás consultas técnicas dos e das profesionais das Entidades Down, tanto por teléfono como por correo electrónico, e de ser necesario, realizando o correspondente desprazamento
    - Mantemento dun sistema de xestión integral cun software de terceiros (MNProgram)
    - Mantemento e actualización do software de contabilidade
- Responsabilidade da seguridade das redes:
    - Monitorización e testeo das seis redes para previr posibles ataques. Estudio dos logs dos routers que envía periodicamente o provedor de servizos de telefonía. Utilización de ferramentas de análise de protocolos e paquetes de rede que estudan o tráfico
    - Documentación da configuración do sistema
    - Esquema da rede da Federación. Etiquetado e inventario de equipos e análise e deseño da rede
    - Xestión das incidencias cos hostings que aloxan as páxinas web e os correos. Configuración e creación das contas de correo. Resolución de incidencias
    - Negociación cos provedores de tecnoloxía; tanto coas operadoras de telefonía, como cos hosting, provedores de software e hardware
    - Xestións coa operadora de telefonía para a migración das centraliñas físicas de telefonía cara un sistema virtual
    - Xestión técnica do servidor de correo das entidades. Resolución de incidencias cos correos corporativos
    - Actualización dos protocolos en materia de seguridade para garantir o cumprimento da norma europea de Protección de datos
- Substitución do equipamento informático co fin de mellorar o traballo realizado desde as nosas entidades

Financiador: Consellería de Política Social e Xuventude

Apoio e formación de profesionais

- Organización de diferentes accións formativas que se contemplaron no plan de formación continua anual para o ano 2023:
    - Intervención familiar no proceso de envellecemento das persoas coa SD e DI
    - Estimulación cognitiva baseada en recursos Montessori para maiores- Down Coruña
    - Formación en Protección de Datos - Responsables de Privacidade
    - Formación en Protección de Datos - Persoal Técnico
    - Mindfulness e xestión emocional en Down Ourense
    - Ambiente laboral saudable e cohesión grupal en Down Vigo
    - Como favorecer a inclusión educativa e a colaboración na coordinación con centros. Procesos de transformación
    - Asistencia persoal
    - Excel (básico): manexo e uso na práctica en Down Pontevedra Xuntos
    - Programa de Gamificación para a Intervención Educativa e Formativa II
    - Dificultades Visuais
    - Formación teórico–práctica sobre Planificación Centrada na Persoa II (PCP)
- Participación en diferentes accións de formación e/ou xornadas de traballo organizadas por Down España
- Participación en outras formacións externas non organizadas dende Down Galicia e que a participación foi xestionada dende a Federación
    - Achegamento á accesibilidade cognitiva en infantil e primaria, de Asindown
    - Introdución ó envellecemento e ás demencias neurodexenerativas de AFAGA
    - Emoción e conduta na persoa con demencia de AFAGA
    - V Congreso Nacional sobre Emprendemento, Emprego e Discapacidade, Universidade de Valencia
    - XXI Xornadas Interdisciplinarias de FAGAL
- Información aos/ás profesionais e persoas directivas daquelas accións formativas externas que poden resultar do seu interese
- Participación de profesionais do movemento Down como relatores ou formadores en diferentes accións de formación

- Financiadores: Consellería de Política Social e Xuventude e FUNDAE por formación bonificada

Calidade
- Planificación das tarefas asumidas dende Down Galicia - Estabilización e mantemento do sistema de xestión de calidade implantado - Adaptación á nova norma ISO - Colaboración e apoio no proceso de planificación estratéxica colaborando na adecuación do despregamento á filosofía e idiosincrasia do sistema de calidade implantado - Actuacións para a cohesión das entidades do movemento Down Galicia, así coma para mellorar situacións específicas de crise dentro dos equipos de traballo - Actuacións para o fomento da comunicación e a cohesión das entidades e persoas profesionais que a conforman - Recollida e análise da satisfacción de todos os grupos de interese - Fomento de medidas para procurar o incremento da satisfacción de todos os grupos de interese - Elaboración da memoria anual de resultados do sistema - Formación técnica necesaria sobre o sistema de xestión de calidade ás diferentes entidades membro implicadas na implantación do mesmo - Coordinación e execución das auditorías internas das entidades certificadas e apoio no proceso de auditoría externa - Actuacións derivadas de propostas de avance, promovendo o avance continuo das diferentes áreas de actuación a través de xornadas, reunións e/ou grupos de mellora de compartir boas prácticas - Supervisión e apoio para a elaboración e análise do cadro de mando integral das entidades e a propia Federación
Financiador: Consellería de Política Social e Xuventude

4.3. SATISFACCIÓN DOS SERVIZOS

4.3.1. Satisfacción das persoas usuarias

Área	Satisfacción coa aprendizaxe	Satisfacción coa actividade	Satisfacción con profesionais
Educación	100%	100%	98,61%
Formación e Emprego	96,45%	98,82%	97,65%
Vida Adulta	98,55%	97,08%	97,06%
Transversal	96,45%	97,16%	95,74%
Complementaria	96,55%	96,61%	97,73%

Satisfacción co servizo de Orientación Laboral	
Persoas satisfeitas co trato recibido	100%
Persoas satisfeitas coas entrevistas	100%
Persoas satisfeitas coas sesión grupais de orientación	98,37%
Persoas satisfeitas coa globalidade do servizo	100%

4.3.2. Satisfacción das familias

Área	Satisfacción
Atención temperá	90,8%
Inclusión educativa	93,6%
Formación e Emprego	93%
Vida Adulta	89,6%
Transversal	92,2%
Complementaria	91,4%
Global	**93,4%**

4.3.3. Satisfacción dos axentes comunitarios

Satisfacción dos centros educativos	
Grao de inclusión da persoa usuaria Down no centro educativo	79,8%
Coordinación do centro coa entidade Down	83,2%

Satisfacción das entidades Down co sector educativo	
Grao de inclusión da persoa usuaria Down no centro educativo	72%
Coordinación do centro coa entidade Down	77,2%

Satisfacción das empresas	
Servizo de Emprego Con Apoio	93,2%
Preparador/a laboral	96,6%
Satisfacción global	95%
Fidelidade (repetiría a experiencia)	98,86%

4.3.4. Satisfacción interna

Valoración	Satisfacción
Satisfacción media do persoal da Federación e as entidades	85,6%
Satisfacción da Xunta Directiva da Federación co seu funcionamento	85%
Satisfacción global das entidades co servizo da Federación	86,8%

4.4. RECURSOS HUMANOS

Persoal asignado ao Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP):

Recursos humanos	Número
Persoal asalariado (medio)	34,3
Persoal con contrato de servizos	0
Persoal voluntario	0



As novas tecnoloxías axudan a xerar novas dinámicas e ferramentas de apoio

4.5. CUSTE E FINANCIACIÓN

Relación de gastos e ingresos para o desenvolvemento do SEPAP

GASTOS / INVERSIÓNS	Actividade 1 SEPAP	Actividade 2 "Xestión de formación bonificada"	Total Actividades	Non imputados actividades	TOTAL
Gastos por axudas e outros	(574.852,28€)		(574.852,28€)	- €	(574.852,28€)
a) Axudas monetarias	(559.065,90€)		(559.065,90€)	- €	(559.065,90€)
b) Axudas non monetarias	(15.000,00€)		(15.000,00€)	- €	(15.000,00€)
c) Gastos por colaboracións e de órganos de goberno	(335,15€)		(335,15€)	- €	(335,15€)
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados	(451,23€)		(451,23€)		(451,23€)
Aprovisionamentos	(820.927,02€)	(11.176,26€)	(832.103,28€)	- €	(832.103,28€)
Gastos de persoal	(1.020.357,22€)		(1.020.357,22€)	- €	(1.020.357,22€)
Outros gastos da actividade (1)	(168.761,30€)	(363,57€)	(169.124,87€)	- €	(169.124,87€)
Amortización do inmobilizado	(29.134,26€)		(29.134,26€)	- €	(29.134,26€)
TOTAL GASTOS	**(2.614.032,08€)**	**(11.539,83€)**	**(2.625.571,91€)**	**- €**	**(2.625.571,91€)**
Adquisicións de Inmobilizado	(61.868,69€)		(61.868,69€)	- €	(61.868,69€)
TOTAL INVERSIÓNS	**(61.868,69€)**	**00,00€**	**(61.868,69€)**	**- €**	**(61.868,69€)**

(1) A partida "Outros gastos da actividade" está composta dos seguintes gastos:

Partidas	Importe
Cesión de vivendas IGVS: A Coruña, Compostela e Vigo	(15.000,00€)
Reparacións	(302,50€)
Primas de Seguros	(1.998,80€)
Servizos bancarios e similares	(426,94€)
Publicidade, propaganda e Relacións Públicas	(4.839,30€)
Outros Servizos (1)	(146.517,15€)
Outros tributos	(40,18€)
Total	**(169.124,87€)**

(2) O detalle de "Outros servizos" móstrase na seguinte táboa:

Descrición	Importe
Material de oficina	1.321,38€
Correos e mensaxería	171,23€
Servizos telefonía - comunicacións	3.254,49€
Servizo de Limpeza	2.501,52€
Servizos de asesoría laboral	6.601,98€
Certificación ISO calidade	574,75€
Asesoría xurídica	3.242,80€
Servizos informáticos	4.618,57€
Formación de profesionais	2.134,97€
Formación profesional para o emprego (bonificada)	2.588,67€
Servizo de Prevención de Riscos Laborais	3.537,44€
Servizo de Protección de datos	1.858,80€
Auditoría de Contas Anuais	1.476,20€
Auditoría de Subvencións da Xunta de Galicia	6.352,50€
Servizo destrucción papel con datos sensibles	341,00€
Transporte de usuarios	92.602,00€
Dietas e desprazamentos do persoal	13.338,48€
Outras perdas en xestión corrente	0,37
TOTAL	**146.517,15€**

Financiación	Importe
Cotas de asociados/as	**1.051,75 €**
Prestación de servizos da actividade (incluídas cotas de usuarios/as)	**98.275,93 €**
Ingresos ordinarios da actividade mercantil	**11.539,85 €**
Outros ingresos propios	**19.349,45 €**
Ingresos con orixe na Administración Pública:	**2.417.479,11 €**
a. Contratos con sector público	
b. Subvencións	1.207.608,00 €
c. Conciertos - Convenios	1.209.871,11 €
Outros ingresos do sector privado	**86.762,80 €**
a. Doazóns e axudas (incluídas axudas por concurrencia competitiva)	86.762,80 €
b. Outros	
TOTAL	**2.634.458,89 €**

4.6. PERSOAS BENEFICIARIAS

4.6.1. Persoas beneficiarias directas

O número total de persoas beneficiarias nas entidades Down de Galicia é de 786. Todas elas son persoas con discapacidade intelectual en xeral e coa síndrome de Down en particular.

Down Galicia asume unha serie de compromisos con todos os seus grupos de interese, identificando aos seguintes: persoas con discapacidade intelectual, familias, sector socioeconómico, sector educativo, administración e financiadores e traballadores/as. Así queda especificado na política de calidade da Federación e as súas entidades membro.

A distribución de persoas beneficiarias da actividade de Down Galicia en 2023 é a seguinte:

Persoas beneficiarias	Total
Persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais	786
Familiares das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais	2.358


O número de persoas beneficiarias está calculado a data 31 de decembro, tendo en conta que ao longo do ano houbo variacións en número, debido ás altas e baixas.

O número de familiares calcúlase estimando unha media de 3 membros de familia nuclear por persoa usuaria (persoa beneficiaria coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual).

É importante ter en conta que as 786 persoas con discapacidade intelectual socias das entidades Down, se beneficiaron das actividades da entidade, ben acudindo ós programas regularmente, ou ben beneficiándose de outras actividades da área transversal.

A continuación detallamos de maneira máis visual e gráfica a distribución destas persoas beneficiarias directas atendendo a diferentes criterios. Con isto, o perfil destas 786 persoas beneficiarias directas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais queda reflectido nestes datos:


Total de persoas usuarias distribuídas por idade




Idade	Homes			Mulleres			TOTAL
	SD	DI	Total Homes	SD	DI	Total Mulleres	
de 0 a 6 anos	18	3	21	12	0	12	33
de 7 a 13 anos	36	4	40	26	1	27	67
de 14 a 18 anos	26	12	38	22	4	26	64
de 19 a 25 anos	26	41	67	55	29	84	151
de 26 a 30 anos	40	28	68	25	24	49	117
de 31 a 34anos	34	27	61	28	18	46	107
de 35 a 40 anos	41	39	80	22	24	46	126
de 41 a 45 anos	11	16	27	17	15	32	59
de 46 a 50 anos	10	4	14	10	14	24	38
de 51 a 55 anos	1	4	5	4	3	7	12
de 56 a 65 anos	2	1	3	5	3	8	11
de 66 a 75 anos	0	1	1	0	0	0	1
Máis de 75 anos	0	0	0	0	0	0	0
TOTALES	**245**	**180**	**425**	**226**	**135**	**361**	**786**

Nota: *SD - Síndrome de Down / DI - Discapacidade intelectual*


Total comparativo entre sexos



Total comparativo por discapacidade



Total comparativo por área xeográfica



Asi mesmo, a familia e/ou rede social de apoio da persoa usuaria coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, é outro dos contextos máis importantes no que centraremos a nosa actuación, por ser as persoas máis próximas as persoas usuarias, os máis interesados na súa autonomía, e os axentes que máis poden axudar neste proceso de adquisición de habilidades, destrezas e aptitudes.

4.6.2. Persoas beneficiarias indirectas

Por outra banda, como persoas beneficiarias indirectas hai toda unha serie de axentes ou grupos de interese que, de maneira indirecta, son receptores das actuacións de Down Galicia:

- Gardarías, centros educativos e centros de formación, nos que están escolarizados as persoas beneficiarias directas e equipos docentes cos que se establece unha liña de traballo e coordinación en beneficio da persoa. Neste contexto, será preciso distinguir a varias persoas beneficiarias das accións ademais do propio equipo docente, tales como: compañeiros e compañeiras de aula e de centro do alumnado coa síndrome de Down, ANPAS, persoal coidador...

- Empresas nas que están inseridos as persoas beneficiarias da nosa entidade, así coma todas aquelas susceptibles de colaborar ou recibir información sobre a inclusión laboral do colectivo.

- Entidades relacionados coa inclusión das persoas beneficiarias (oficinas de emprego, entidades de discapacidade, gabinetes, centros de saúde…) cos que será preciso traballar de forma conxunta en beneficio da propia persoa con discapacidade.

Así pois, de maneira xeral, o alcance das nosas actuacións irá máis aló das propias persoas con discapacidade, abarcando á contorna social en xeral.

4.6.3. Requisitos para ser persoa beneficiaria

Os requisitos esixidos para ostentar a condición de beneficiarios/as directos/as dos nosos servizos e das nosas actuacións, son mínimos, e quedan establecidos nas seguintes liñas:

- Ser persoas con discapacidade intelectual en xeral ou coa síndrome de Down en particular, que teñan unha cualificación de minusvalía superior ao 33%, segundo a lexislación vixente.
- Ser residente na Comunidade Autónoma de Galicia.

En liñas xerais son maioritariamente usuarios e usuarias das entidades de Down Galicia cos/as que se traballa habitualmente desde idades bastante temperás, polo que o abanico de idades destes beneficiarios/as é moi ampla abarcando toda a súa etapa vital, desde o seu nacemento até a vellez.

A maioría chegan ás nosas entidades polo interese das súas familias ou o seu propio na filosofía do colectivo Down, así como pola súa inquietude de mellorar a súa calidade de vida, a través dunha metodoloxía de traballo baseada na participación e inclusión en todos os contextos da vida.

Grado de atención

O grao de atención que reciben os beneficiarios/as da actividade é variable para cada un deles/as en función do que se estime convinte unha vez que a persoa usuaria pase polo proceso de entrada e derivación a servizos/programas que se estableza dende a coordinación da entidade. Así, unha vez se detecten as necesidades, e áreas de traballo que será preciso reforzar para cada persoa usuaria.

4.7. RESULTADOS OBTIDOS

Dende o sistema de xestión de calidade, Down Galicia ten establecidos unhas directrices de revisión dos procesos a través de reunións periódicas do comité de calidade, así como a través de diferentes grupos de mellora das áreas. Deste xeito, analízase a posta en marcha dos procesos que executa a Federación, servizos de apoio a entidades membro, así como os procesos desenvolvidos polas entidades, prestadoras de servizo ás persoas usuarias, familias, empresas e centros educativos.

Do mesmo xeito, establecéronse unha serie de indicadores e obxectivos para cada unha das entidades de Down Galicia, que son avaliados e analizados cunha periodicidade fundamentalmente semestral. Todos estes resultados e información recóllense no informe de revisión anual do sistema e son analizados polo comité de calidade, a partir do cal se establecen unha serie de medidas de mellora que garantan a eficacia, a calidade e a mellora continua das nosas actuacións.

4.7.1. Relación de resultados

Os resultados obtidos, así coma o grao de cumprimento dos resultados previstos, coa realización da actividade da Federación, queda reflectido a través do cadro de mando integral de indicadores de avaliación de Down Galicia que se indica a continuación.

Obxectivo	Indicador	Meta	Resultado
Favorecer o crecemento das entidades e dos servizos	Novas persoas usuarias na entidade	30	48
Favorecer o grao de avance das persoas usuarias nos obxectivos establecidos para os programas ós que acoden	Promedio do avance das persoas usuarias no SEPAP	80%	92%
Promover a realización de prácticas nas empresas para as persoas usuarias de formación laboral	Persoas usuarias con prácticas	20%	38%
Promover a realización de formación en contorna ordinaria entre as persoas usuarias de Formación laboral	Porcentaxe de persoas usuarias que se beneficiaron da formación ordinaria	20%	14%
Promover a participación das persoas usuarias de Formación Laboral en accións formativas que organice a propia entidade Down	Porcentaxe de persoas usuarias que se beneficiaron da formación organizada pola entidade	58%	86,71%
Incrementar o número de persoas usuarias con actividade laboral a través de contratacións	Persoas usuarias con contrato	70%	77%
Incrementar o número de persoas usuarias activas a través de prácticas e/ou contratación	Persoas usuarias activas	75%	90%
Incrementar o número de empresas colaboradoras a través de novas colaboracións	Incremento das firmas de convenios	15%	23%

Obxectivo	Indicador	Meta	Resultado
Incrementar o número de empresas que inclúen a persoas usuarias nas súas empresas (ben a través de prácticas ou contratación)	Nova contratación / actividade	35%	43%
Favorecer a realización de actividades de ocio para as persoas usuarias da entidade	Actividades de ocio realizadas	340	645
Mellorar os niveis de atención das familias nos programas dos que se benefician	Media de actuacións realizadas por familia	5	4,6
Favorecer actuacións de sensibilización na contorna	Sensibilización coa contorna	200	233
Realizar actuacións que melloren a orientación laboral das persoas demandantes inscritas no SPE.	Índice medio de entrevistas individuais	3	4,12
Promover entrevistas individuais de orientación e IPI	Porcentaxe de atención individual	80%	90,00%
Promover a inclusión laboral das persoas demandantes	Éxito da orientación: contrato	20%	19,00%
Promover a mellora dos niveis de empregabilidade das persoas demandantes	Éxito da orientación: mellora empregabilidade	25%	63,00%
Establecer accións de coordinación relativas á mellora na execución de programas e na prestación de servizos da Federación	Eficacia da coordinación	80%	87%
Realizar accións formativas que dean resposta ás necesidades de formación das persoas profesionais das entidades	Porcentaxe de accións de formación do plan realizadas sobre as planificadas	70%	63%
Promover a participación do equipo profesional en accións formativas	Porcentaxe de profesionais que se benefician dalgunha formación	80%	66%
Fomentar a participación do equipo profesional da entidade en accións de formación (tanto internas como externas) eficaces para o seu desempeño profesional	Porcentaxe de accións formativas eficaces	70%	65%
Incrementar a cantidade obtida a través de fondos privados	Éxito da concesión privada	10%	17,18%
Incrementar a cantidade obtida a través de fondos públicos	Éxito da concesión pública	40%	57,81%
Incrementar o número de solicitudes privadas concedidas	Éxito da captación privada	10%	13,95%
Incrementar o número de solicitudes públicas concedidas	Éxito da captación pública	80%	93,10%
Fidelizar ós financiadores dos servizos prestados	Fidelización de financiadores	35%	50,0%

Obxectivo	Indicador	Meta	Resultado
Potenciar a difusión e sensibilización da realidade das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual cara todos os actores da sociedade a través da páxina web da entidade	Incremento do número de visitas á web de Down Galicia	7%	7%
Promover a difusión das comunicacións e filosofía das entidades Down a través das redes sociais	Incremento do número de persoas seguidoras en Facebook	10%	2%
Conseguir dar resposta en tempo e forma á totalidade das peticións das entidades membro	Porcentaxe de peticións internas que cumpran co protocolo establecido	70%	91%
Promover a renovación do equipamento informático da entidade	Porcentaxe de equipos informáticos con menos de 10 anos	90%	94%
Promover a estabilidade laboral das persoas profesionais da entidade	Rotación de persoal	60%	76%
Garantir unha boa prestación de servizos por parte dos provedores cos que se traballa	Provedores con incidencias graves	5%	1%
Coñecer o grao de satisfacción das persoas usuarias dos programas da área de Inclusión educativa	Satisfacción das persoas usuarias coa área de educación	80%	99,54%
Coñecer o grao de satisfacción das persoas usuarias cos cursos de Formación Laboral	Satisfacción das persoas usuarias cos cursos de FL	80%	83,92%
Coñecer o grao de satisfacción das persoas usuarias co contrato ou práctica	Satisfacción das persoas usuarias co contrato ou práctica	80%	85,90%
Coñecer o grao de satisfacción das persoas usuarias dos programas da área de formación e emprego	Satisfacción das persoas usuarias coa área de formación e emprego	80%	97,64%
Coñecer o grao de satisfacción das persoas usuarias co servizo de orientación laboral	Satisfacción das persoas usuarias co servizo OL	80%	100,00%
Coñecer o grao de satisfacción das persoas usuarias dos programas da área de Vida Adulta e independente	Satisfacción das persoas usuarias coa área de vida adulta e independente	80%	97,56%
Coñecer o grao de satisfacción das persoas usuarias dos programas da área Complementaria	Satisfacción das persoas usuarias coa área complementaria	80%	96,96%
Coñecer o grao de satisfacción das persoas usuarias dos programas da área Transversal	Satisfacción das persoas usuarias coa área transversal	80%	96,45%
Coñecer o grao de satisfacción das persoas usuarias coa entidade Down	Satisfacción das persoas usuarias coa entidade Down	80%	96,00%
Coñecer o grao de satisfacción das familias coa área de atención temperá	Satisfacción das familias coa área de atención temperá	3,5	4,5

Obxectivo	Indicador	Meta	Resultado
Coñecer o grao de satisfacción das familias coa área de inclusión educativa	Satisfacción das familias coa área de Inclusión Educativa	3,5	4,66
Coñecer o grao de satisfacción das familias coa área de formación e emprego	Satisfacción das familias co programa ECA	3,5	4,67
Coñecer o grao de satisfacción das familias coa área de vida adulta e independente	Satisfacción das familias coa área de vida adulta e independente	3,5	4,49
Coñecer o grao de satisfacción das familias coa área complementaria	Satisfacción das familias coa área complementaria	3,5	4,57
Coñecer o grao de satisfacción das familias coa área transversal	Satisfacción das familias coa área transversal	3,5	4,59
Coñecer o grao de satisfacción global das familias coa entidade Down	Satisfacción das familias coa entidade Down	3,5	4,67
Coñecer o grao de satisfacción dos centros educativos co programa de Educación das entidades Down	Satisfacción dos centros educativos	3,5	4,18
Coñecer o grao de satisfacción das entidades Down cos centros educativos co programa de Educación	Satisfacción das entidades Down	3,5	3,87
Coñecer o grao de satisfacción das empresas co programa ECA	Satisfacción das empresas co programa ECA	3,5	4,75
Ofrecer un servizo de calidade e satisfactorio ás entidades membro	Satisfacción servizos DG	3,5	4,39
Coñecer o grao de satisfacción dos profesionais das entidades Down	Satisfacción dos profesionais	3,5	4,28
Coñecer o grao de satisfacción da Xunta Directiva da Federación	Satisfacción da Xunta Directiva de DG	3,5	4,75
Coñecer o grao de satisfacción da Xunta Directiva das entidades membro	Satisfacción da Xunta Directiva das EM	3,5	4,24

Compre destacar que os indicadores de avaliación e resultados máis concretos acadados coa posta en marcha de cada un dos programas incluídos na actividade do SEPAP da Federación, quedan recollidos de maneira pormenorizada na descrición de cada programa, no apartado 4.2.

4.7.2. Cumprimento dos fins estatutarios

Down Galicia nace co obxectivo de coordinar os esforzos das diferentes entidades específicas para a síndrome de Down na nosa xeografía, canalizar as demandas do colectivo de persoas coa síndrome de Down que viven en Galicia ante a administración e aportar solucións que contribúan a normalizar a súa situación na sociedade proporcionándolles as maiores cotas de independencia e participación social na mesma medida que o resto da cidadanía. De acordo con isto, todos os programas postos en marcha en toda Galicia, responden a unha análise rigorosa da realidade das persoas coa síndrome de Down e as súas familias na área de influencia da entidade, garantindo a prestación de servizos e programas que dean resposta ás súas necesidades.

Para dar cumprimento á súa misión, Down Galicia desenvolveu ó longo deste ano 2023 o seu labor

prestando este Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP), prestando diferentes programas recollidos en apartados anteriores. Así, a través da súa posta en marcha, traballamos para que as persoas coa síndrome de Down poidan ter, dende o momento do seu nacemento, unha vida digna nun entorno de normalidade, gozando dos servizos da comunidade na que viven. De aí que todos os nosos programas e servizos pretendan acadar a inclusión educativa, familiar, social e laboral do noso colectivo traballando, para iso, en e coas contornas e axentes comunitarios prestando o apoio necesario.

Por outra banda, ó longo deste último ano 2023, para asegurar unha mellora do cumprimento dos fins de Down Galicia, traballamos en torno o plan estratéxico da Federación 2019-2023, establecendo unha serie de obxectivos estratéxicos que detallamos a continuación.

1. Situar o modelo de inclusión Down de Promoción da Autonomía Persoal como un referente na sociedade
2. Incidir a nivel político reivindicando o modelo de Promoción da Autonomía Persoal
3. Lograr un desenvolvemento sustentable e captación de recursos
4. Manter a cohesión entre as entidades Down e consenso nos acordos
5. Promover e reforzar as alianzas con entidades públicas e privadas
6. Promover o desenvolvemento de Down Galicia sobre os piares da innovación e o talento
7. Dinamizar a base social: aumentar a participación das familias e das persoas usuarias no desenvolvemento das entidades Down
8. Apoiar ás entidades membro para dar resposta ás novas necesidades que as persoas usuarias teñen en etapa adulta asociadas ao envellecemento prematuro e/ou maior necesidade de apoio

O grao de cumprimento destes obxectivos faise con carácter semestral fundamentalmente, garantindo a adecuación das actuacións inicialmente previstas no plan estratéxico.

Ademais, en virtude do establecido no artigo 3º, apartado 2º da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, tal e como se informa nas contas anuais, a Federación cumpre co 70% mínimo esixido no destino de rendas e ingresos á realización dos fins de interese xeral.

5. MEDIOS DA FEDERACIÓN

5.1. MEDIOS PERSOAIS

Persoal asalariado fixo		
Nº medio	Tipos de contrato	Categoría ou calificación profesional
25	100-189-289	1 persoa grupo 1- Resto grupo 2 Epígrafe CNAE: 8812

Persoal asalaridado non fixo		
Nº medio	Tipos de contrato	Categoría ou calificación profesional
9,304	410-402-405-502-505	Grupo 2 - epígrafe CNAE: 8812

Voluntariado	
Nº medio	Actividades nas que participan
2	A Federación non conta con persoal voluntario para o desenvolvemento de actividades. Se ben, as persoas membro da Xunta Directiva exercen a súa labor de forma voluntaria sen remuneración algunha.

5.2. MEDIOS MATERIAIS

5.2.1 Centros de traballo

O Movemento Down en Galicia ten 8 centros de traballo, entre eles a súa sede central, ubicada na capital. Todos son de tituralidade compartida e correspóndense coa localización das entidades membro, tendo a Federación, en cada unha de elas, persoal contratado para levar a cabo as tarefas correspondentes. Todas as instalacións están equipadas e adaptadas para prestar os servizos nas mellores condicións.

Centro	Localización
Santiago (Sede central)	Rúa Alejandro Novo González, 1
A Coruña	Avenida Pedralonga, 74 A
Ferrol	Rúa Álvaro Cunqueiro, 1 entrechán
Lugo	Rúa Miguel de Cervantes, 34 baixo
Pontevedra	Rúa Gorgullón, 41
Ourense	Rúa Francisco Huerta y Vega, s/n baixo
Vigo	Rúa Portela, nº 48 baixo
	Avenida Martínez Garrido, 21

5.2.2. Centros da rede de vivendas: Área Vida adulta e Independente

O Movemento Down conta con 5 vivendas. Todas elas forman parte da Rede de Vivendas de Down Galicia para xestionar de forma conxunta o Programa de vida Independente.

Localización	Enderezo
A Coruña	Rúa Camelias, 13 5º Esq.
Santiago de Compostela	Rúa Estocolmo, 10 3ºL
Lugo	Rúa Nicomedes Pastor Díaz, 17 - 1º Esq.
Vigo	Rúa Aragón, 209 6º L
Vigo	Rúa Anduriña, 27 6ºC

5.2.3. Equipamento

Todas as equipacións están localizadas nos centros indicados no apartado anterior, estando debidamente identificados no libro inventario da Federación.

Número conta	Elemento	Saldo final 31/12/2023
206	Aplicacións Informáticas	35.600,13€
280	Amortización Acumulada	(29.051,12€)
	Valor neto	**6.549,01 €**
214	Outras instalacións	57.557,30€
2814	Amortización Acumulada	(57.557,30€)
	Valor neto	**0,00 €**
215	Mobiliario	12.999,53€
2815	Amortización Acumulada	(9.473,70€)
	Valor neto	**3.525,83 €**
216	Equipos proceso información	220.925,39€
2816	Amortización Acumulada	(199.612,42€)
	Valor neto	**21.312,97 €**
218	Elementos de transporte	58.000,00€
2818	Amortización Acumulada	(2.637,80€)
	Valor neto	**55.362,20 €**
219	Outro inmobilizado material	3.024,96€
2819	Amortización Acumulada	(2.466,98€)
	Valor neto	**557,98 €**
	TOTAL	**87.307,99 €**

5.3. SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

5.3.1. Subvencións de explotación

Subvencións de explotación		
Entidade - Orixe	**Importe**	**Área / Programa - Destino**
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude: subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas	61.907,49 €	Área transversal / Apoio a familias de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	59.838,16 €	Área de vida adulta e independente / Apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	38.512,55 €	Área de educación / Programa de inclusión educativa de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
	38.512,55 €	Área complementaria / Ocio e Vida saudable de persoas coa síndrome de Down e/ou dicapacidade intelectual
	38.512,55 €	Área transversal / Programa de apoio psicolóxico de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	38.512,55 €	Área transversal / Programa de sensibilización de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	37.133,00 €	Área formación e emprego / Estimulación cognitiva de persoas coa síndrome de Down e/ou dicapacidade intelectual
	38.512,55 €	Área transversal /Programa de accesibilidade de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
	37.721,07 €	Área formación e emprego / Programa autonómico de itinerarios de inclusión sociolaboral de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
	19.552,65 €	Área formación e emprego / Ecofriendly 21: itinerario de formación e inclusión sociolaboral como axentes de acción medioambiental para persoas coa sindrome de down e/ou discapacidade intelectual
	9.614,49 €	Área de vida adulta e independente/Programa de encontros bilaterais de mozos e mozas do movemento Down Galicia
	30.315,97 €	Área Transversal / Implantación e renovación do equipamento informático e audiovisual

Subvencións de explotación		
Entidade - Orixe	**Importe**	**Área / Programa - Destino**
	31.160,84 €	Área Transversal / Acondicionamento e mellora de recustos materiais para o servizo de promoción da autonomía persoal
	31.304,13 €	Área Transversal /Proxecto de ampliación e mellora do centro de servizos S.E.P.A.P. Down Compostela. Actúase como intermediaria canalizando o financiamiento hacia as entidades membro
	31.304,13 €	Área Transversal /Centro de promoción de autonomía persoal Ourense. Actúase como intermediaria canalizando o financiamiento hacia as entidades membro
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude: Convenio para o financiamento das actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e prevención e atención á dependencia	1.207.608,00 €	Todas as áreas de actuación / Mantemento da Federación e Promoción de Actividades
Xunta de Galicia, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, Programas de Cooperación: TR352B_Axentes de Emprego e Unidades de Apoio.Expedientes 2022 e 2023	259.378,76 €	Área Formación e Emprego / Emprego con Apoio
Xunta de Galicia, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, Programas de Cooperación, Subvencións para a contratación de persoas desempregadas polas entidades sen ánimo de lucro: TR352A Expedientes 2022 e 2023	161.128,20 €	Todas as áreas de actuación: Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP)
Xunta de Galicia, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral:Orientación laboral TR331A Expedientes 2022 e 2023	81.993,72 €	Área Formación e Emprego / Servizo de Orientación laboral
Xunta de Galicia, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Convenio con EAPN Galicia	95.480,00 €	Área Formación e Emprego /Programa Integrado para o fomento da empregabilidade de persoas vulnerables

Subvencións de explotación		
Entidade - Orixe	**Importe**	**Área / Programa - Destino**
Deputación Provincial de A Coruña	25.200,00 €	Área Formación e Emprego / Emprego con Apoio - Provincia de A Coruña
Deputación Provincial de Ourense	3.624,00 €	Área Formación e Emprego / Emprego con Apoio - Provincia de Ourense
Deputación Provincial de Pontevedra	5.699,20 €	Área Formación e Emprego / Emprego con Apoio - Provincia de Pontevedra
IGVS Cesión viviendas: A Coruña, Vigo e Compostela	15.000,00 €	Área Vida Adulta e independente
TOTAL	**2.397.526,56 €**	

5.3.2. Subvencións de capitais

Subvencións de capitais		
Entidade - Orixe	**Importe**	**Área / Programa - Destino**
Deputación Provincial de A Coruña. Expedientes 218, 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023	2.022,69 €	Todas as áreas / Inversións: Inmobilizado (Subvención Oficial de Capital traspasada a Resultados)
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude,Subvención IRPF 19,20, 21 e 22	12.925,02 €	
Xunta de Galicia, IGAPE: Cheque dixital Covid-19	2.400,00 €	
Parlamento de Galicia, doazón en especie de equipos informáticos	79,64 €	
Xunta de Galicia, Adquisición de vehículos	2.525,20 €	
TOTAL	**19.952,55 €**	

5.4. AXUDAS PRIVADAS

5.4.1. Doazóns de explotación

Doazóns de explotación		
Entidade - Orixe	**Importe**	**Área / Programa - Destino**
Fundación Inocente Inocente	25.000,00 €	Área Inclusión Educativa
Fundación Barrié en especie: servicio SEO	1.056,57 €	Todas as áreas / Servizo de promoción da autonomía persoal (SEPAP)
Fondation Amigo	40.000,00 €	Todas as áreas / Servizo de promoción da autonomía persoal (SEPAP)
Fundación Mapfre-Fundación Konecta Programa Juntos Somos Capaces	4.800,00 €	Área Formación e Emprego / Emprego con apoio
Ingresos accións captación	1.340,90 €	Todas as áreas / Fins Actividade social
Doazóns particulares Empresas e colaboracións	5.782,75 €	Todas as áreas / Fins Actividade social
Doazóns particulares persoas físicas	2.262,45 €	Todas as áreas / Fins Actividade social
TOTAL	**80.242,67 €**	

5.4.2. Doazóns de capital

Doazóns de capital		
Entidade - Orixe	**Importe**	**Área / Programa - Destino**
Premio "Cheo de Vida"	306,11 €	Todas as áreas / Inversións: Inmobilizado
Fundación ONCE	860,00 €	Todas as áreas / Inversións: Inmobilizado
Santander Ayuda	1.034,25 €	Área Transversal / Inversións: Inmobilizado
Doazón Especie Fundación Carrefour	447,50 €	Todas as áreas / Inversións: Inmobilizado
Proxecto Dono Technosite	3.872,27 €	Todas as áreas / Inversións: Inmobilizado
TOTAL	**6.520,13 €**	

6. RETRIBUCIÓNS DA XUNTA DIRECTIVA

A Federación Down Galicia non retribuye aos membros da Xunta Directiva polo exercicio das súas funcións. Só en determinados casos de asistencia a reunións, actos ou xestións que se leven a cabo para a actividade da Federación se compensan os gastos incorridos debidamente xustificados polos membros desta, sendo isto unha compensación de gastos pero nunca a modo de retribución. No exercicio 2023 non se deron este tipo de gastos.

Por outra banda, tampouco se da a situación de retribuir aos membros da Xunta Directiva por funcións distintas ás exercidas no seu puesto no órgano.



O modelo de inclusión Down pretende ser un referente na sociedade

7. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS, CENTROS E FUNCIÓNS

Down Galicia agrupa a 7 entidades membro situadas nas 7 grandes cidades galegas para dar servizo a toda a nosa xeografía. Estas dispoñen de personalidade xurídica propia e de autonomía para levar a cabo o seu plan de acción, pero actualmente desde a Federación promóvense, planifícanse e coordínanse a maior parte dos programas que se executan nas entidades membro, segundo os criterios e principios de traballo establecidos desde a coordinación autonómica.

Así mesmo, a articulación do Servizo de Promoción da Autonomía Persoal de Down Galicia desenvólvese nos 8 centros de traballo da Federación Down Galicia citados no apartado 5.2.

Aínda que as entidades locais son as encargadas e responsables de desenvolver a maioría das actuacións destinadas ás persoas beneficiarias directas, traballan man a man coa Federación en todas as actividades e iniciativas que se propoñen dende a coordinación autonómica e moi especialmente no reporte de datos para a análise, seguimento, avaliación e definición de medidas para asegurar a calidade e idoneidade das actuacións.

Pódese contactar con cada organización do Movemento Down de Galicia a través das seguintes vías:

Entidade	Localización	Contacto
Down Galicia	Rúa Alejandro Novo González, 1 Santiago de Compostela	981 58 11 67 downgalicia@downgalicia.org www.downgalicia.org
Down Compostela	Rúa Alejandro Novo González, 1 Santiago de Compostela	981 56 34 34 fundacion@downcompostela.org www.downcompostela.org
Down Coruña	Avenida Pedralonga, 74 A A Coruña	981 26 33 88 asociacion@downcoruna.org www.downcoruna.org
Teima Down Ferrol	Rúa Álvaro Cunqueiro, 1 entrechán Ferrol	981 32 22 30 teimadownferrol@teimadownferrol.org www.teimadownferrol.org
Down Lugo	Rúa Miguel de Cervantes, 34 baixo Lugo	982 24 09 21 downlugo@downlugo.org www.downlugo.org
Down Pontevedra Xuntos	Rúa Gorgullón, 41 Pontevedra	986 86 55 38 xuntos@downgalicia.org www.downxuntos.org
Down Ourense	Rúa Francisco Huerta y Vega, s/n Ourense	988 37 03 13 downourense@downgalicia.org www.downourense.org
Down Vigo	Rúa Portela, nº 48 baixo · Vigo Avenida Martínez Garrido, 21 · Vigo	986 20 16 56 downvigo@downvigo.org www.downvigo.org

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

DOWN Galicia
Federación Síndrome de Down

Rúa Alejandro Novo González, nº1
15706 · Santiago de Compostela · Galicia



DOWN Galicia

Federación Síndrome de Down

down **vigo** · down **pontevedra** 'xuntos' · 'teima' down **ferrol** · down **lugo** · down **compostela** · down **coruña** · down **ourense**